

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**9280** *Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### ÍNDICE

Título I. Obxecto e ámbito de aplicación.

- Artigo 1. Obxecto.
- Artigo 2. Ámbito de aplicación.
- Artigo 3. Definicións.
- Artigo 4. Lotarías.

Título II. Disposicións xerais.

- Artigo 5. Regulación dos xogos.
- Artigo 6. Prohibicións obxectivas e subxectivas.
- Artigo 7. Publicidade, patrocinio e promoción das actividades de xogo.
- Artigo 8. A protección dos consumidores e políticas de xogo responsable.

Título III. Títulos habilitantes.

- Artigo 9. Sometemento da actividade do xogo á obtención previa de título habilitante.
- Artigo 10. Licenzas xerais.
- Artigo 11. Licenzas singulares.
- Artigo 12. Autorizacións para a celebración de xogos de carácter ocasional.

Título IV. Control da actividade

Capítulo I. Operadores.

- Artigo 13. Os operadores.
- Artigo 14. Garantías exixibles aos operadores.

Capítulo II. Participantes.

- Artigo 15. Dereitos dos participantes nos xogos.

Capítulo III. Homologación dos sistemas técnicos de xogo.

- Artigo 16. Homologación dos sistemas técnicos de xogo.
- Artigo 17. Requisitos dos sistemas técnicos.
- Artigo 18. Unidade central de xogos.

Título V. Administración do xogo.

Capítulo I. O Ministerio de Economía e Facenda.

- Artigo 19. Competencias do Ministerio de Economía e Facenda.

## Capítulo II. A Comisión Nacional do Xogo.

- Artigo 20. Obxecto e natureza xurídica.
- Artigo 21. Funcións.
- Artigo 22. Os rexistros do sector do xogo.
- Artigo 23. Competencia regulatoria.
- Artigo 24. Inspección e control.
- Artigo 25. Arbitraje da Comisión Nacional do Xogo.
- Artigo 26. O Consello. Nomeamento e mandato dos membros do Consello da Comisión Nacional do Xogo.
- Artigo 27. O presidente da Comisión Nacional do Xogo.
- Artigo 28. Funcións dos membros do Consello.
- Artigo 29. Causas de cesamento no exercicio do cargo.
- Artigo 30. Réxime de contratación.
- Artigo 31. Réxime de persoal.
- Artigo 32. Réxime orzamentario e de control.
- Artigo 33. Réxime económico-financeiro e recursos da Comisión Nacional do Xogo.

## Capítulo III. O Consello de Políticas do Xogo.

- Artigo 34. O Consello de Políticas do Xogo.
- Artigo 35. Competencias.

## Título VI. Réxime sancionador.

- Artigo 36. Competencia.
- Artigo 37. Infraccións.
- Artigo 38. Suxeitos infractores.
- Artigo 39. Infraccións moi graves.
- Artigo 40. Infraccións graves.
- Artigo 41. Infraccións leves.
- Artigo 42. Sancións administrativas.
- Artigo 43. Prescrición.
- Artigo 44. Procedemento sancionador.
- Artigo 45. Réxime de recursos.
- Artigo 46. Medidas cautelares.
- Artigo 47. Medidas en relación cos prestadores de servizos de intermediación.

## Título VII. Réxime fiscal.

- Artigo 48. Imposto sobre actividades de xogo.
- Artigo 49. Taxa pola xestión administrativa do xogo.

Disposición adicional primeira. Reserva da actividade do xogo de lotarías.

Disposición adicional segunda. Réxime xurídico específico aplicable á ONCE en materia de xogo.

Disposición adicional terceira. Asignación financeira á ONCE e de determinadas apostas deportivas do Estado.

Disposición adicional cuarta. Participación das comunidades autónomas na aprobación de novas modalidades de xogo.

Disposición adicional quinta. Cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

Disposición adicional sexta. Réxime de participación na recadación das apostas deportivas.

Disposición transitoria primeira. Exercicio de competencias administrativas antes do inicio de actividades da Comisión Nacional do Xogo.

Disposición transitoria segunda. Títulos habilitantes da Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado.

Disposición transitoria terceira. Normativa dos xogos.

Disposición transitoria cuarta. Réxime transitorio para os puntos de venda e delegacións comerciais da Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado.

Disposición transitoria quinta. Primeiro mandato dos conselleiros da Comisión Nacional do Xogo.

Disposición transitoria sexta. Réxime transitorio da cesión do imposto.

Disposición transitoria sétima. Validacións e homologacións das comunidades autónomas.

Disposición transitoria oitava. Réxime transitorio do réxime sancionador.

Disposición transitoria novena. Réxime transitorio dos patrocinios deportivos sobre o xogo.

Disposición derogatoria.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Disposición derradeira segunda. Facultade de desenvolvemento.

Disposición derradeira terceira. Extinción de determinados organismos públicos.

Disposición derradeira cuarta. Actualización do importe das sancións.

Disposición derradeira quinta. Modificación das taxas sobre o xogo.

Disposición derradeira sexta. Modificación da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira sétima. Exencións no imposto sobre o valor engadido e imposto xeral indirecto canario.

Disposición derradeira oitava. Modificación da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

Disposición derradeira novena. Mantemento do réxime fiscal aplicable no imposto sobre a renda das persoas físicas aos premios xa exentos no dito imposto no momento da entrada en vigor desta lei.

Disposición derradeira décima. Réxime aplicable aos sistemas de concerto e convenio.

Disposición derradeira décimo primeira. Entrada en vigor.

## PREÁMBULO

### I

Desde a despenalización do xogo no Real decreto lei 16/1977, do 25 de febreiro, polo que se regulan os aspectos penais, administrativos e fiscais dos xogos de sorte, envite ou azar e apostas, e debido fundamentalmente á irrupción dos novos servizos de comunicacións electrónicas e á utilización dos servizos de xogo interactivos a través da internet, cambiou de forma substancial, tanto en España como noutros países da súa contorna, a concepción tradicional do xogo.

Durante moitos anos, o réxime xurídico do xogo sufriu poucos cambios. Con todo, recentemente, como consecuencia da citada irrupción das apostas e xogos a través da internet e ao verse superados os límites territoriais das relacións comerciais tradicionais, a doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea sinalou a necesidade de establecer unha oferta dimensionada de xogo.

En paralelo a este proceso de cambio apareceron novos operadores no mercado do xogo para os que a normativa vixente non ofrece unha resposta regulatoria adecuada.

A carencia dos instrumentos normativos adecuados para dar resposta aos interrogantes creados ante a nova situación do mercado xerou no sector do xogo a necesidade de establecer novos mecanismos de regulación que ofrezan seguridade xurídica a operadores e participantes nos diferentes xogos, sen esquecer a imprescindible protección dos menores de idade, daquelas persoas que solicitasen voluntariamente a non participación, así como a protección da orde pública e a prevención dos fenómenos de branqueo de capitais e financiamento do terrorismo.

## II

O avance nos servizos de comunicación e, como consecuencia da súa aplicación ás actividades de xogo, a desvinculación deste tipo de actividades do territorio, comportou a necesidade de iniciar un novo camiño na regulación do sector do xogo asegurando maior eficacia no cumprimento dos obxectivos ineludibles de tutela e protección social dos menores e dos participantes nos xogos, á vez que se pretenden alcanzar outras importantes finalidades como son a prevención de actividades fraudulentas e de branqueo de capitais, e todo iso a través dunha oferta dimensionada do xogo, dunha regulación da práctica daqueles xogos que poidan ser autorizados, así como do control público do sector.

As aludidas finalidades, así como a necesidade de dotar o sector do xogo dunha regulación adecuada, tivo o seu reflexo en distintas iniciativas parlamentarias e en mandatos ao Goberno, como o establecido, no ámbito nacional, na disposición adicional vixésima da Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, e, no ámbito comunitario, na Resolución do Parlamento Europeo, do 10 de marzo de 2009, sobre a integridade dos xogos de azar en liña.

En definitiva, co máis absoluto respecto ao marco competencial definido pola Constitución e polos estatutos de autonomía, resulta absolutamente inevitable dotar dun novo marco xurídico as actividades de explotación e xestión de xogos de ámbito estatal e, particularmente, aqueles xogos que se practican a través de medios electrónicos, informáticos, telemáticos e interactivos, e nos cales os medios presenciais teñen un carácter accesorio.

O desenvolvemento dun marco normativo que responda ás necesidades do sector do xogo deberase realizar sen prexuízo do recoñecemento pleno das competencias en materia de xogo que os estatutos de autonomía lles atribúen ás respectivas comunidades, entre as cales se inclúe, nalgúns casos, a súa capacidade para colaborar no exercicio de competencias estatais en relación coas actividades de xogo. Esta circunstancia fixo preciso o deseño de procedementos e mecanismos asimétricos que faciliten a necesaria colaboración e coordinación do Estado e as comunidades autónomas no exercicio das competencias estatais en materia de xogo.

## III

En cumprimento e desenvolvemento do mandato previsto na xa citada disposición adicional vixésima da Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, e para os efectos de controlar as actividades de xogo de ámbito estatal, especialmente de se realizaren a través de medios electrónicos, informáticos, telemáticos e interactivos, foi necesario establecer un sistema de planificación e acceso ao desenvolvemento da actividade, determinar as competencias estatais en materia de regulación e control, e definir un réxime de infraccións e sancións que garanta a efectividade do marco regulatorio.

Estes obxectivos constitúen, en consecuencia, unha das finalidades esenciais desta lei, que debe ser a norma sectorial de referencia en materia de explotación de xogos a través de medios electrónicos, informáticos, telemáticos e interactivos no ámbito estatal, procurando, ao mesmo tempo, a coordinación ou integración da regulación que agora se aproba co marco normativo xeral da actividade de xogo no noso país e con outras normas sectoriais sobre as cales esta lei poida ter incidencia, tales como, a título de exemplo, a Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e demais normativa complementaria, e a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

Esta lei, sobre a base da existencia dunha oferta dimensionada, pretende regular a forma de acceder á explotación das actividades de xogo de ámbito nacional, permitindo, así mesmo, a apertura do sector a unha pluralidade de operadores de xogo. Trátase, no entanto, dunha apertura do sector que debe ser controlada co obxecto de garantir a tutela

de todos os intereses involucrados e preservar a orde pública con pleno respecto aos principios inspiradores do dereito comunitario.

O gran volume de xogo asociado ás lotarías, así como a posibilidade de que o carácter de documentos de pagamento ao portador dos seus boletos e billetes poida ser empregado como instrumento de branqueo de capitais, require unha reserva desta actividade a determinados operadores, públicos ou privados, que deben quedar suxeitos a un estrito control público, asegurándose deste xeito a protección dos intereses do Estado contra os riscos de fraude e criminalidade, evitando, así mesmo, os efectos perniciosos do xogo sobre os consumidores.

Neste sentido, faise plenamente necesario manter a reserva en exclusiva da actividade do xogo de lotarías de ámbito estatal a favor da Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado e da Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE), como operadores de xogo que veñen explotando de forma controlada ata a data estas lotarías.

A Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado continuará sometida a un réxime de control público da súa actividade dado o gran volume de xogo xestionado por esta e a súa extensa rede comercial, de gran raizame na sociedade española desde hai máis de 250 anos. Por outra banda, a Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE), que desde 1938 se consolidou en España como unha institución social singular no obxectivo de atención ás persoas con discapacidade, seguirá mantendo a súa singularidade xurídica en materia de xogo nas actividades suxeitas a reserva, tal e como se establece nas disposicións adicionais primeira, segunda e terceira desta lei.

Con esta finalidade, encoméndaselles ao Ministerio de Economía e Facenda e á Comisión Nacional do Xogo o establecemento dos procedementos de autorizacións e a adopción daquelas medidas que permitan o seguimento e control dos operadores que realicen actividades de xogo suxeitas a reserva en virtude desta lei e do control do cumprimento, por parte destes, das condicións que se establezan, en especial, en relación coa protección da orde pública e a prevención do branqueo de capitais e o financiamento do terrorismo.

#### IV

Desde o máximo respecto ás competencias das comunidades autónomas, esta lei fundaméntase nos números 6, 11, 13, 14 e 21 do punto primeiro do artigo 149 da Constitución española e na reiterada doutrina do Tribunal Constitucional, manifestada en numerosas sentenzas, entre as cales cabe destacar, a número 163/1994, do 26 de maio, que declara a existencia dunha competencia estatal en materia de xogo que debe ser exercida polo Estado en nome do interese xeral, sen prexuízo das competencias que en materia de xogo teñen recoñecidas as comunidades autónomas nos seus respectivos estatutos de autonomía.

A regulación dos xogos de ámbito estatal plasmouse de conformidade co mandato recollido no punto sexto da disposición adicional vixésima da Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información. As competencias estatais en materia de xogo deberán ser entendidas, no entanto, sen prexuízo do recoñecemento pleno das competencias que nesta materia lles atribúen os estatutos de autonomía ás respectivas comunidades autónomas, o que fixo preciso o deseño de procedementos e mecanismos de coordinación entre o Estado e as comunidades autónomas. Para estes efectos, créase o Consello de Políticas do Xogo, como órgano colexiado que asegurará a participación das comunidades autónomas na fixación dos principios da normativa dos xogos e das medidas de protección aos menores e persoas dependentes. En todo caso, a través do Consello de Políticas do Xogo coordinarase a actuación do Estado e comunidades autónomas en materia de outorgamento de licenzas.

Esta lei establece a regulación das actividades de xogo que se realizan a través de canles electrónicas, informáticas, telemáticas e interactivas e nas cales os medios presenciais deberán ter un carácter accesorio, salvo as actividades presenciais de xogo suxeitas a reserva desenvolvidas polas entidades designadas pola lei que, pola súa natureza, son exclusivamente de competencia estatal.

Coa finalidade de respectar integramente as competencias das comunidades autónomas sobre o xogo presencial, esta lei introduce a obriga de que as comunidades autónomas emitan preceptivamente un informe sobre as solicitudes de títulos habilitantes que poidan afectar a seu territorio. A concesión de calquera título habilitante exixirá, para a instalación ou apertura de locais presenciais abertos ao público ou de equipamentos que permitan a participación dos xogos, autorización administrativa da comunidade autónoma, que se outorgará de acordo coas políticas propias de dimensionamento de xogo de cada unha delas.

## V

Esta lei divídese en sete títulos, con corenta e nove artigos, seis disposicións adicionais, nove disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e once disposicións derradeiras.

No título I, «Obxecto e ámbito de aplicación», regúlase o obxecto e ámbito de aplicación da lei, tanto desde unha perspectiva obxectiva (actividade regulada) como territorial (ámbito da actividade). Desta forma, o alcance desta norma esténdese a toda actividade de organización, explotación e desenvolvemento de actividades de xogo de ámbito estatal realizadas a través de medios electrónicos, informáticos, telemáticos e interactivos, na cal os medios presenciais teñen carácter accesorio, así como á actividade publicitaria conectada con ela, sempre que tales actividades se dirixan a todo o territorio do Estado, adoptando o criterio de distribución competencial establecido noutras normas sectoriais como a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico. Así mesmo, incorpóranse as diferentes definicións de xogos, incluídos os de carácter esporádico, e establécese a reserva e o réxime de control da actividade de lotarías.

No título II, «Disposicións xerais», recóllense os requisitos dos xogos, así como as prohibicións obxectivas e subxectivas ás actividades obxecto de regulación, e prevese a creación ou adecuación dos instrumentos administrativos necesarios para garantir o cumprimento das prohibicións subxectivas. Igualmente, regúlase a publicidade do xogo ao abeiro das competencias do Estado previstas no número 6 do punto primeiro do artigo 149 da Constitución española, singularmente no que se refire á protección da mocidade e da infancia, garantida no punto cuarto do artigo 20 da Constitución española. Ademais, recóllense os principios e prácticas que se deberán adoptar con obxecto de protexer a orde pública, garantindo a integridade do xogo, así como previndo e mitigando a adición ao xogo e os efectos nocivos que puider provocar, optimizando simultaneamente os beneficios para a sociedade.

No título III, «Títulos habilitantes», establécense as características das diferentes clases de títulos habilitantes, licenzas e autorizacións, e o réxime de autorización aplicable aos operadores como explotadores de xogos, prevendo un procedemento de outorgamento respectuoso cos principios xerais do dereito comunitario.

No título IV, «Control da actividade», establécense os requisitos técnicos mínimos, susceptibles de maior concreción mediante un posterior desenvolvemento regulamentario específico, que deberán cumprir os equipos e sistemas técnicos que sirvan como soporte da actividade de xogos autorizados e que deberán garantir que se lles impida aos menores e incapacitados e ás persoas que, ben por vontade propia, ben por resolución xudicial, o tivesen prohibido, o acceso aos xogos desenvolvidos a través de medios telemáticos e interactivos.

No título V, «A Administración do xogo», establécense as competencias que corresponden ao Ministerio de Economía e Facenda en materia de xogo. Créase un órgano regulador, a Comisión Nacional do Xogo, ao cal se lle atribúen todas as competencias necesarias para velar e asegurar a integridade, seguridade, fiabilidade e transparencia das operacións de xogo, así como o cumprimento da normativa vixente e das condicións establecidas para a súa explotación. Ademais, este órgano regulador único canalizará a demanda dimensionando a oferta de actividades de xogo, evitando a explotación das actividades de xogo con fins fraudulentos e establecendo o marco apropiado para protexer

os menores e previr o desenvolvemento de fenómenos de dependencia. Por último, establécese o Consello de Políticas do Xogo como o órgano de participación das comunidades autónomas.

No título VI, «Régime sancionador», establécese o réxime de infraccións e sancións en relación coas actividades obxecto desta lei, así como o procedemento sancionador, incluíndo previsións para poder actuar contra o xogo non autorizado por medio do bloqueo da actividade que se poida realizar a través de medios electrónicos, informáticos, telemáticos e interactivos.

E finalmente, no título VII, «Régime fiscal», determínase, de acordo coas previsións establecidas na disposición adicional vixésima da Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, o réxime impositivo aplicable ao desenvolvemento das actividades de xogo reguladas nesta lei, sen prexuízo do mantemento do establecido nos artigos 36 e seguintes do Decreto 3059/1966, do 1 decembro, polo que se aproba o texto refundido de taxas fiscais, e no Real decreto lei 16/1977, do 25 de febreiro, polo que se regulan os aspectos penais, administrativos e fiscais dos xogos de sorte, envite ou azar e apostas, que continuarán en vigor no que se refire ao gravame cedido no seu ámbito competencial.

Este novo imposto, no ámbito estatal, grava as operacións de xogo, así como as combinacións aleatorias con fins publicitarios ou promocionais, aínda que non sexan estritamente xogo.

Ademais do anterior, regúlase a participación das comunidades autónomas no novo imposto do xogo mediante a cesión da recadación obtida polo gravame correspondente aos ingresos polo xogo dos residentes en cada comunidade, reservando para si o Estado o recadado por conta dos xogadores non residentes en España e polo que corresponda ás apostas mutuas deportivas estatais e ás apostas mutuas hípcas estatais.

O novo imposto, como se dixo, non afecta as taxas vixentes sobre o xogo, é compatible con elas, que seguen sendo gravames cedidos ás comunidades autónomas na súa totalidade.

Por último, establécese unha taxa fiscal sobre as actividades e servizos prestados aos operadores pola Comisión Nacional do Xogo.

## VI

Esta lei foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, regulado no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, para os efectos de dar cumprimento ao disposto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998.

## TÍTULO I

### Obxecto e ámbito de aplicación

#### Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto desta lei é a regulación da actividade de xogo, nas súas distintas modalidades, que se desenvolva con ámbito estatal, co fin de garantir a protección da orde pública, loitar contra a fraude, previr as condutas adictivas, protexer os dereitos dos menores e salvaguardar os dereitos dos participantes nos xogos, sen prexuízo do establecido nos estatutos de autonomía.

A lei regula, en particular, a actividade de xogo a que se refire o parágrafo anterior cando se realice a través de canles electrónicas, informáticas, telemáticas e interactivas, na cal os medios presenciais deberán ter un carácter accesorio, así como os xogos desenvolvidos polas entidades designadas por esta lei para a realización de actividades suxeitas a reserva, con independencia da canle de comercialización daqueles.

### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Dentro do obxecto definido no artigo anterior, inclúense no ámbito de aplicación desta lei as seguintes actividades de xogo cando a actividade desenvolvida teña ámbito estatal:

a) As actividades de xogo de lotarías, apostas e outras calquera, nas cales se arrisquen cantidades de diñeiro ou obxectos economicamente avaliábeis en calquera forma, sobre resultados futuros e incertos, e que permitan a súa transferencia entre os participantes, con independencia de que predomine neles o grao de destreza dos xogadores ou sexan exclusiva ou fundamentalmente de sorte, envite ou azar.

b) As rifas e concursos, nos cales a participación se realiza mediante unha contraprestación económica.

c) Os xogos de carácter ocasional, que se diferencian do resto dos xogos previstos nas letras anteriores polo seu carácter esporádico.

d) As actividades de xogo transfronteirizas, isto é, as realizadas polas persoas físicas ou xurídicas radicadas fóra de España que organicen ou ofrezan actividades de xogos a residentes en España.

Inclúense, así mesmo, no ámbito de aplicación desta lei, as actividades de publicidade, promoción e patrocinio relativas ás actividades de xogo relacionadas neste punto.

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei:

a) Os xogos ou competicións de puro lecer, pasatempo ou recreo que constitúan usos sociais e se desenvolvan no ámbito estatal, sempre que estas non produzan transferencias economicamente avaliábeis, salvo o prezo pola utilización dos medios precisos para o seu desenvolvemento e cando este non constitúa en ningunha medida beneficio económico para o promotor ou os operadores.

b) As actividades de xogo realizadas a través de medios electrónicos, informáticos, telemáticos ou interactivos cuxo ámbito non sexa estatal.

c) As combinacións aleatorias con fins publicitarios ou promocionais, sen prexuízo do establecido no título VII desta lei.

### Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos desta lei, os termos que nela se empregan terán o sentido que se establece neste artigo.

a) Xogo. Enténdese por xogo toda actividade na cal se arrisquen cantidades de diñeiro ou obxectos economicamente avaliábeis en calquera forma sobre resultados futuros e incertos, dependentes nalgunha medida do azar, e que permitan a súa transferencia entre os participantes, con independencia de que predomine neles o grao de destreza dos xogadores ou sexan exclusiva ou fundamentalmente de sorte, envite ou azar. Os premios poderán ser en metálico ou especie dependendo da modalidade de xogo.

b) Lotarías. Enténdese por lotarías as actividades de xogo nas cales se outorgan premios nos casos en que o número ou combinación de números ou signos, expresados no billete, boleto ou o seu equivalente electrónico, coinciden en todo ou en parte co determinado mediante un sorteo ou evento celebrado nunha data previamente determinada ou nun programa previo, no caso das instantáneas ou presorteadas. As lotarías comercializaranse en billetes, boletos ou calquera outra forma de participación cuxo soporte sexa material, informático, telemático, telefónico ou interactivo.

c) Apostas. Enténdese por aposta calquera que sexa a súa modalidade, aquela actividade de xogo en que se arriscan cantidades de diñeiro sobre os resultados dun acontecemento previamente determinado cuxo desenlace é incerto e alleo aos participantes, e a contía do premio que se outorga determínase en función das cantidades arriscadas ou outros factores fixados previamente na regulación da concreta modalidade de aposta.



En función do acontecemento sobre cuxo resultado se realiza a aposta, esta pode ser:

1. Aposta deportiva: é o concurso de prognósticos sobre o resultado de un ou de varios eventos deportivos, incluídos nos programas previamente establecidos pola entidade organizadora, ou sobre feitos ou actividades deportivas que formen parte ou sexan desenvolvidas no marco de tales eventos ou competicións polo operador de xogo.
2. Aposta hípica: é o concurso de prognósticos sobre o resultado de unha ou de varias carreiras de cabalos incluídas nos programas previamente establecidos pola entidade organizadora.
3. Outras apostas: é o concurso de prognósticos sobre o resultado de un ou de varios eventos distintos dos anteriores incluídos nos programas previamente establecidos polo operador de xogo.

Segundo a organización e distribución das sumas apostadas, a aposta pode ser:

1. Aposta mutua: é aquela en que unha porcentaxe da suma das cantidades apostadas se distribúe entre aqueles apostantes que acertasen o resultado a que se refira a aposta.
2. Aposta de contrapartida: é aquela en que o apostante aposta contra un operador de xogo, e o premio que se vai obter será o resultante de multiplicar o importe dos prognósticos gañadores polo coeficiente que o operador validase previamente para eles.
3. Aposta cruzada: é aquela en que un operador actúa como intermediario e garante das cantidades apostadas entre terceiros, detraendo as cantidades ou porcentaxes que previamente o operador fixase.

d) Rifas. Enténdese por rifa aquela modalidade de xogo consistente na adxudicación de un ou de varios premios mediante a celebración dun sorteo ou selección por azar, entre os adquirentes de billetes, papeletas ou outros documentos ou soportes de participación, diferenciados entre si, xa sexan de carácter material, informático, telemático ou interactivo, nunha data previamente determinada, e sempre que para participar sexa preciso realizar unha achega económica. O obxecto da rifa pode ser un ben moble, inmovible, semovente ou dereitos ligados a eles, sempre que non sexan premios en diñeiro.

e) Concursos. Enténdese por concursos aquela modalidade de xogo en que a súa oferta, desenvolvemento e resolución se desenvolve a través dun medio de comunicación, xa sexa de televisión, radio, internet ou outro, sempre que a actividade de xogo estea conexas ou subordinada á actividade principal. Nesta modalidade de xogo, para ter dereito á obtención dun premio, en metálico ou en especie, a participación realízase ben directamente mediante un desembolso económico, ou ben mediante chamadas telefónicas, envío de mensaxes de texto ou calquera outro procedemento electrónico, informático ou telemático, no cal exista unha tarificación adicional, sendo indiferente o feito de que na adxudicación dos premios interveña non soamente o azar senón tamén a superación de probas de competición ou de coñecemento ou destreza.

Para os efectos desta definición, non se entenderán por concurso aqueles programas en que, mesmo existindo premio, o concursante non realice ningún tipo de desembolso económico para participar, xa sexa directamente ou por medio de chamadas telefónicas, envío de mensaxes de texto ou calquera outro procedemento electrónico, informático ou telemático, no cal exista unha tarificación adicional.

f) Outros xogos. Son todos aqueles xogos que non teñen cabida nas definicións anteriores, por exemplo o póker ou a ruleta, nos cales exista un compoñente de aleatoriedade ou azar e en que se arrisquen cantidades de diñeiro ou obxectos economicamente avaliáveis.

g) Xogos a través de medios presenciais. Son aqueles en que as apostas, prognósticos ou combinacións se deben formular nun establecemento dun operador de xogo a través dun terminal en liña, ben mediante a presentación dun boleto, panfleto ou documento establecido para o efecto no cal se consignaron os prognósticos, combinacións ou apostas, ben tecleando estes no terminal correspondente, ou ben mediante a súa solicitude automática ao terminal, baseada no azar. Calquera das fórmulas antes citadas serán

transmitidas a un sistema central e, a continuación, o terminal expedirá un ou varios xustificantes nos cales constarán, polo menos, os seguintes datos: tipo de xogo e detalle da forma en que o participante pode acceder ou obter as normas ou as súas bases, prognósticos efectuados, data da xornada, evento ou período en que participa, número de apostas ou combinacións xogadas e números de control. Ademais do xustificante ou xustificantes referidos, existirá un xustificante único expedido polo terminal situado no punto de venda autorizado de que se trate, no cal constarán, polo menos, os datos antes citados, e que constitúe o único instrumento válido para solicitar o pagamento de premios e a única proba de participación nos concursos.

h) Xogo por medios electrónicos, informáticos, telemáticos e interactivos. Son aqueles en que se emprega calquera mecanismo, instalación, equipamento ou sistema que permita producir, almacenar ou transmitir documentos, datos e informacións, incluíndo calquera rede de comunicación aberta ou restrinxida como televisión, internet, telefonía fixa e móbil ou calquera outra, ou comunicación interactiva, xa sexa esta en tempo real ou en diferido.

i) Combinacións aleatorias con fins publicitarios ou promocionais. Enténdense por tales aqueles sorteos que, con finalidade exclusivamente publicitaria ou de promoción dun produto ou servizo, e tendo como única contraprestación o consumo do produto ou servizo, sen sobreprezo nin tarificación adicional ningunha, ofrecen premios en metálico, especie ou servizos, exixindo, de ser o caso, a condición de cliente da entidade obxecto da publicidade ou promoción.

#### Artigo 4. *Lotarías.*

1. As lotarías de ámbito estatal quedarán reservadas aos operadores designados pola lei.

2. Corresponde ao titular do Ministerio de Economía e Facenda a autorización para a comercialización de lotarías de ámbito estatal. A autorización fixará as condicións de xestión dos xogos:

- a) Na porcentaxe mínima e máxima destinada a premios.
- b) Nas condicións e requisitos para a celebración de sorteos, cando procedan, e a fixación do número destes.
- c) Nos dereitos dos participantes e nos procedementos de reclamación.
- d) Nas condicións en que poderán realizar actividades de publicidade e patrocinio das actividades autorizadas.
- e) Nas medidas de protección aos menores, persoas dependentes e para a prevención da fraude e do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, nos termos do disposto na Lei 10/2010, do 28 de abril.

3. Na explotación e comercialización das lotarías os operadores autorizados cooperarán co Estado na erradicación dos xogos ilegais, na persecución da fraude e da criminalidade e na evitación dos efectos perniciosos dos xogos.

4. Os operadores autorizados, sen prexuízo do cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 8 desta lei, notificarán á Comisión Nacional do Xogo un plan de medidas no cal se concreten os compromisos adicionais adquiridos polo operador na xestión responsable do xogo, a participación na reparación dos seus efectos negativos e a contribución do operador autorizado a plans, proxectos ou actuacións en beneficio da sociedade.

## TÍTULO II

### Disposicións xerais

#### Artigo 5. *Regulación dos xogos.*

1. O Ministerio de Economía e Facenda establecerá, por orde ministerial, a regulamentación básica para o desenvolvemento de cada xogo ou, no caso de xogos esporádicos, as bases xerais para a aprobación da súa práctica ou desenvolvemento.

2. O establecemento de requisitos para o desenvolvemento dos xogos ou a súa modificación entenderase, segundo corresponda, como autorización de novas modalidades de xogos ou como modificación das existentes.

3. Calquera modalidade de xogo non regulada considerárase prohibida.

4. A regulación ou as bases preverán, dependendo da natureza do xogo, os requisitos para evitar o seu acceso aos menores e incapacitados e impedir a utilización de imaxes, mensaxes ou obxectos que poidan vulnerar, directa ou indirectamente, a dignidade das persoas e os dereitos e liberdades fundamentais, así como calquera forma posible de discriminación racial ou sexual, de incitación á violencia ou de realización de actividades delituosas.

#### Artigo 6. *Prohibicións obxectivas e subxectivas.*

1. Queda prohibida toda actividade relacionada coa organización, explotación e desenvolvemento dos xogos obxecto desta lei que, pola súa natureza ou por razón do obxecto sobre o cal versen:

a) Atenten contra a dignidade das persoas, o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, contra os dereitos da mocidade e da infancia ou contra calquera dereito ou liberdade recoñecido constitucionalmente.

b) Se fundamenten na comisión de delitos, faltas ou infraccións administrativas.

c) Recaian sobre eventos prohibidos pola lexislación vixente.

2. Desde un punto de vista subxectivo, prohíbeselles a participación nos xogos obxecto desta lei:

a) Aos menores de idade e aos incapacitados legalmente ou por resolución xudicial, de acordo co que estableza a normativa civil.

b) Ás persoas que voluntariamente tiveren solicitado que lles sexa prohibido o acceso ao xogo ou que o teñan prohibido por resolución xudicial firme.

c) Aos accionistas, propietarios, partícipes ou titulares significativos do operador de xogo, ao seu persoal directivo e empregados directamente involucrados no desenvolvemento dos xogos, así como aos seus cónxuxes ou persoas con que convivan, ascendentes e descendentes en primeiro grao, nos xogos que xestionen ou exploten aqueles, con independencia de que a participación nos xogos, por parte de calquera dos anteriores, se produza de maneira directa ou indirecta a través de terceiras persoas físicas ou xurídicas.

d) Aos deportistas, adestradores ou outros participantes directos no acontecemento ou actividade deportiva sobre a cal se realiza a aposta.

e) Aos directivos das entidades deportivas participantes ou organizadoras respecto do acontecemento ou actividade deportiva sobre a cal se realiza a aposta.

f) Aos xuíces ou árbitros que exerzan as súas funcións no acontecemento ou actividade deportiva sobre a cal se realiza a aposta, así como ás persoas que resolvan os recursos contra as decisións daqueles.

g) Ao presidente, aos conselleiros e aos directores da Comisión Nacional do Xogo, así como aos seus cónxuxes ou persoas con que convivan, ascendentes e descendentes en primeiro grao e a todo o persoal da Comisión Nacional do Xogo que teña atribuídas funcións de inspección e control en materia de xogo.

h) A calquera outra persoa que unha norma poida establecer.

3. Co fin de garantir a efectividade das anteriores prohibicións subxectivas, a Comisión Nacional do Xogo establecerá as medidas que, de acordo coa natureza do xogo e potencial prexuízo para o participante, se lles poidan exixir aos operadores para a súa efectividade. Así mesmo, creará o Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo e o Rexistro de Persoas Vinculadas a Operadores de Xogo, ambos de ámbito estatal.

*Artigo 7. Publicidade, patrocinio e promoción das actividades de xogo.*

1. De conformidade coa Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, queda prohibida a publicidade, patrocinio ou promoción, baixo calquera forma, dos xogos de sorte, envite ou azar e a publicidade ou promoción dos operadores de xogo, cando se careza da correspondente autorización para a realización de publicidade contida no título habilitante.

O operador de xogo deberá contar co correspondente título habilitante en que sexa autorizado para o desenvolvemento de actividades de xogo a través de programas emitidos en medios audiovisuais ou publicados en medios de comunicación ou páxinas web, incluídas aquelas actividades de xogo en que o medio para acceder a un premio consista na utilización de servizos de tarificación adicional prestados a través de chamadas telefónicas ou baseadas no envío de mensaxes.

2. Estableceranse regulamentariamente as condicións que se incluírán nos respectivos títulos habilitantes da autorización da actividade publicitaria e os seus límites e, en particular, respecto:

a) Do envío de comunicacións publicitarias ou promocionais por correo electrónico ou por calquera outro medio de comunicación electrónica equivalente, que só será posible se foi previamente autorizado polo seu destinatario, de acordo co previsto no punto primeiro do artigo 21 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

b) Da inclusión de anuncios ou outras modalidades publicitarias dos xogos en medios de comunicación e noutros soportes publicitarios.

c) Da actividade de patrocinio en acontecementos deportivos que sexan obxecto de apostas.

d) Da inserción de carteis publicitarios de actividades de xogo nos lugares en que se celebren acontecementos cuxos resultados sexan obxecto de apostas ou lotarías.

e) Do desenvolvemento dos concursos televisivos e as obrigas de información sobre os requisitos esenciais do xogo.

f) Calquera outra que se estableza regulamentariamente.

3. Calquera entidade, axencia de publicidade, prestador de servizos de comunicación audiovisual ou electrónica, medio de comunicación ou servizo da sociedade da información que difunda a publicidade e promoción directa ou indirecta de xogos ou dos seus operadores, deberá constatar que quen solicite a inserción dos anuncios ou reclamos publicitarios dispón do correspondente título habilitante expedido pola Comisión Nacional do Xogo e que este o autoriza para a realización da publicidade solicitada, e absterase da súa práctica se carecese daquel. A Comisión Nacional do Xogo, a través da súa páxina web, manterá actualizada e accesible a información sobre os operadores habilitados.

4. A Comisión Nacional do Xogo, no exercicio da potestade administrativa de requirir o cesamento da publicidade das actividades de xogo, dirixirase á entidade, axencia de publicidade, prestador de servizos de comunicación audiovisual ou electrónica, medio de comunicación ou servizo da sociedade da información correspondente, e indicarlle motivadamente a infracción da normativa aplicable.

A entidade, axencia de publicidade, prestador de servizos de comunicación audiovisual ou electrónica, medio de comunicación ou servizo da sociedade da información deberá, nos dous días naturais seguintes ao da súa recepción, comunicar o cumprimento do requirimento. No caso de que a mensaxe publicitaria conte cun informe de consulta previa

positivo emitido por un sistema de autorregulación publicitaria con que a Comisión Nacional do Xogo teña un convenio de colaboración dos previstos no punto 5 do artigo 24 desta lei, entenderase que se actuou de boa fe se se suxeitou ao dito informe de consulta previa positivo, para o suposto de actuación administrativa realizada no marco dun expediente sancionador.

Artigo 8. *A protección dos consumidores e políticas de xogo responsable.*

1. As políticas de xogo responsable supoñen que o exercicio das actividades de xogo se abordará desde unha política integral de responsabilidade social corporativa que considere o xogo como un fenómeno complexo onde se deberán combinar accións preventivas, de sensibilización, intervención e de control, así como de reparación dos efectos negativos producidos.

As accións preventivas dirixiranse á sensibilización, información e difusión das boas prácticas do xogo, así como dos posibles efectos que unha práctica non adecuada do xogo pode producir.

Os operadores de xogo deberán elaborar un plan de medidas en relación coa mitigación dos posibles efectos prexudiciais que poida producir o xogo sobre as persoas e incorporarán as regras básicas de política do xogo responsable. Polo que se refire á protección dos consumidores:

- a) Prestarase a debida atención aos grupos en risco.
- b) Proporcionarase ao público a información necesaria para que poida facer unha selección consciente das súas actividades de xogo, promovendo actitudes de xogo moderado, non compulsivo e responsable.
- c) Informarase, de acordo coa natureza e medios utilizados en cada xogo, da prohibición de participar aos menores de idade ou ás persoas incluídas no Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo ou no Rexistro de Persoas Vinculadas a Operadores de Xogo.

2. Os operadores non poderán conceder préstamos nin calquera outra modalidade de crédito ou asistencia financeira aos participantes.

### TÍTULO III

#### Títulos habilitantes

Artigo 9. *Sometemento da actividade do xogo á obtención previa de título habilitante.*

1. O exercicio das actividades non reservadas que son obxecto desta lei queda sometido á obtención previa do correspondente título habilitante, nos termos previstos nos artigos seguintes. De conformidade con esta lei, son títulos habilitantes as licenzas e autorizacións de actividades de xogo.

As comunidades autónomas emitirán informe preceptivo sobre as solicitudes de títulos habilitantes formuladas ante a Comisión Nacional do Xogo que poidan afectar o seu territorio. Para estes efectos, considerarase que as actividades de xogo afectan unha comunidade autónoma cando os operadores de xogo teñan nela a súa residencia, domicilio social ou, en caso de non coincidir con estes, o lugar en que estea efectivamente centralizada a xestión administrativa e a dirección dos seus negocios.

A instalación ou apertura de locais presenciais abertos ao público ou de equipos que permitan a participación nos xogos exixirá, en todo caso, autorización administrativa da comunidade autónoma cuxa lexislación así o requira. Estas autorizacións rexeranse pola lexislación autonómica de xogo correspondente.

A Comisión Nacional do Xogo comunicarlles aos órganos autonómicos competentes o outorgamento dos títulos habilitantes de xogo que afecten o seu territorio. O mesmo procedemento se seguirá en caso de modificación, transmisión, revogación e extinción

dos títulos habilitantes, así como nos supostos de sanción das actividades suxeitas a eles.

2. Toda actividade incluída no ámbito desta lei que se realice sen o preceptivo título habilitante ou incumprindo as condicións e os requisitos establecidos nel terá a consideración legal de prohibida, e quedarán suxeitos aqueles que a promovan ou realicen ás sancións previstas no título VI desta lei.

3. Os títulos habilitantes exibibles para o exercicio das actividades de xogo sometidas a esta lei non poderán ser obxecto de cesión ou de explotación por terceiras persoas. Unicamente se poderá levar a cabo a transmisión do título, logo de autorización da Comisión Nacional do Xogo, nos casos de fusión, escisión ou achega de rama de actividade, motivados por unha reestruturación empresarial.

4. Os títulos habilitantes outorgados por outros Estados non serán válidos en España. Os operadores recoñecidos por outros Estados integrantes do Espazo Económico Europeo deberán cumprir cos requisitos e coa tramitación establecida pola lexislación vixente. Establecerase regulamentariamente o procedemento polo que a Comisión Nacional do Xogo poderá validar aquela documentación xa presentada por un operador autorizado no Espazo Económico Europeo, o que exime da súa nova presentación en España.

5. As licenzas e autorizacións reguladas nesta lei extinguíranse nos seguintes supostos:

- a) Por renuncia expresa do interesado manifestada por escrito.
- b) Polo transcurso do seu período de vixencia sen que se solicite ou conceda a súa renovación, cando a dita renovación se previse nas bases da convocatoria do procedemento correspondente.
- c) Por resolución da Comisión Nacional do Xogo, na cal expresamente se constate a concorrencia dalgunha das causas de resolución seguintes:

1.º A perda de todas ou dalgunha das condicións que determinaron o seu outorgamento.

2.º A morte ou incapacidade sobrevida do titular da autorización, cando sexa persoa física, a disolución ou extinción da sociedade titular da licenza ou autorización, así como o cesamento definitivo da actividade obxecto dos ditos títulos habilitantes ou a falta do seu exercicio durante polo menos un ano, nos supostos de licenza.

3.º A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.

4.º A imposición como sanción no correspondente procedemento sancionador.

5.º O incumprimento das condicións esenciais da autorización ou licenza.

6.º A cesión ou transmisión do título habilitante a través de fusión, escisión ou achega de rama de actividade, sen a autorización previa.

7.º A obtención do título habilitante con falsidade ou alteración das condicións que determinaron o seu outorgamento, logo de audiencia do interesado, cando iso proceda.

6. A obtención do título habilitante a que se refire o punto 1 deste artigo estará condicionada a que o operador estea ao día no pagamento das obrigas fiscais correspondentes.

#### Artigo 10. *Licenzas xerais.*

1. Os interesados en desenvolver actividades de xogo non ocasional deberán obter, con carácter previo ao desenvolvemento de calquera tipo de xogo, unha licenza de carácter xeral por cada modalidade de xogo definida no artigo 3, letras c), d), e) e f), en función do tipo de xogo que pretendan comercializar.

O outorgamento das licenzas xerais para a explotación e comercialización de xogos será realizado pola Comisión Nacional do Xogo, logo da oportuna convocatoria dun procedemento que se axustará aos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, transparencia, obxectividade e non-discriminación, e rexerá polo prego de bases que,

por proposta da Comisión Nacional do Xogo, sexa aprobado polo titular do Ministerio de Economía e Facenda e que se publicará no Boletín Oficial del Estado.

A convocatoria dos procedementos de outorgamento de licenzas xerais para a explotación e comercialización de xogos será promovida, de oficio ou por instancia de calquera interesado, pola Comisión Nacional do Xogo. A promoción da convocatoria por instancia de interesado practícarase no prazo de seis meses contados desde a recepción da solicitude, salvo que a Comisión Nacional do Xogo estimar motivadamente que existen razóns de salvagarda do interese público, de protección de menores ou de prevención de fenómenos de adicción ao xogo que xustifiquen que non se proceda á convocatoria solicitada.

Os interesados poderán solicitar a convocatoria dun novo procedemento de outorgamento de licenzas xerais para a explotación e comercialización de determinados xogos, transcorridos polo menos 18 meses contados desde a data da anterior convocatoria en relación coa mesma modalidade de xogo.

As bases que rexan a convocatoria non limitarán o número de licenzas que puidesen ser outorgadas, salvo que por proposta da Comisión Nacional do Xogo e sobre a base do procedemento instruído para ese efecto, en que se dará audiencia aos posibles interesados, se considere necesario dimensionar a oferta do xogo obxecto da convocatoria e limitar o número de operadores. A limitación do número de operadores fundarase exclusivamente en razóns de protección do interese público, de protección de menores e de prevención de fenómenos de adicción ao xogo.

Nas bases da convocatoria poderanse incluír como criterios que deberán ser tidos en conta no outorgamento a experiencia dos concorrentes licitadores, a súa solvencia e os medios con que contan para a explotación da licenza.

2. O prego de bases do procedemento a que se refire o punto anterior establecerá o capital social mínimo, total e desembolsado, necesario para a participación na licitación. Xunto coa solicitude para participar na convocatoria, o solicitante deberá presentar un plan operativo que teña en conta os principios do xogo responsable, a formación de empregados, as canles de distribución, o deseño de xogos e os demais aspectos da súa actividade que regulamentariamente se establezan.

3. A resolución de outorgamento de licenza xeral recollerá o contido que se determine regulamentariamente e, en todo caso, o seguinte:

a) Denominación, duración, domicilio e capital social e, de ser o caso, a porcentaxe de participación do capital non comunitario.

b) Relación de membros do consello de administración, directivos, xerentes ou apoderados, se os houber.

c) Natureza, modalidades e tipos de actividade sometidas a licenza, así como os acontecementos sobre cuxos resultados se realicen aqueles.

d) Ámbito territorial en que se vaia desenvolver a actividade sometida a licenza.

e) Condicións dos premios que se vaian outorgar por xogo ou aposta e contía destes, que en ningún caso poderá superar a porcentaxe que para o efecto se estableza no prego de bases da convocatoria.

f) Relación dos sistemas, equipamentos, aplicacións e instrumentos técnicos que serán empregados para a explotación da actividade.

g) Autorización para a realización da actividade publicitaria, de patrocinio ou promoción.

h) Mecanismos de prevención para evitar a fraude e sistemas de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo a que se refire a Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

i) Prazo de vixencia, posibilidade de prórroga e causas de extinción da licenza.

j) Os sistemas, procedementos ou mecanismos establecidos, de acordo coa natureza do xogo, para evitar o acceso por parte das persoas incursas nalgunha das prohibicións subxectivas establecidas no artigo 6 desta lei, e especialmente os dirixidos a garantir que se comprobou a idade dos participantes.

4. Os licenciarios terán os seguintes dereitos e obrigas:

- a) Desenvolver a actividade de xogo no ámbito estatal, cos dereitos e obrigas recoñecidos no prego de bases e na resolución de outorgamento.
- b) Obter a licenza singular de explotación para cada modalidade e tipo de xogo, sempre que reúnan os requisitos establecidos.
- c) Satisfacer as taxas que se establezan derivadas da actividade de regulación do xogo.
- d) Implantar un sitio web específico con nome de dominio baixo «.es» para o desenvolvemento e a comercialización a través da internet de actividades de xogo no ámbito de aplicación desta lei.
- e) Redireccionar cara ao sitio web específico con nome de dominio baixo «.es» todas as conexións que se realicen desde localizacións situadas en territorio español, ou que fagan uso de contas de usuario españolas, a sitios web baixo dominio distinto ao «.es», que sexan propiedade ou estean controlados polo operador de xogo, a súa matriz ou as súas filiais.

5. Os operadores habilitados para realizar actividades de xogo deberán asumir como compromisos, polo que se refire á xestión responsable do xogo:

- a) Asegurar o cumprimento das leis e regulamentacións vixentes, especialmente as obrigas establecidas na Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.
- b) Asegurar a integridade e seguridade dos xogos, garantindo a participación, transparencia dos sorteos e eventos, do cálculo e do pagamento de premios e o uso profesional diligente dos fondos, no seu máis amplo sentido.
- c) Canalizar adecuadamente a demanda de participación.
- d) Reducir calquera risco de dano potencial á sociedade; iso inclúe a loita contra o xogo ilegal e as actividades delituosas asociadas.
- e) Colaborar activamente, de acordo coa normativa vixente, coas autoridades encargadas da prevención do branqueo de capitais.

Entenderase por xestión responsable do xogo o conxunto de principios e prácticas que se van adoptar con obxecto de protexer a orde pública garantindo a integridade do xogo, optimizando simultaneamente os beneficios para a sociedade.

A Comisión Nacional do Xogo verificará o cumprimento por parte dos operadores dos seus compromisos, sen prexuízo das competencias de supervisión do Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias en materia de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo establecidas polo artigo 45.4 f) da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

6. As licenzas xerais terán unha duración de dez (10) anos e serán prorrogables por un período de idéntica duración.

Naqueles casos en que, de conformidade co establecido no punto un deste artigo, se limitou o número de operadores dun determinado xogo, a prórroga da licenza xeral non terá lugar e deberá procederse ao seu outorgamento mediante o procedemento convocado para estes efectos cando concorran os seguintes requisitos:

- a) Que exista un terceiro ou terceiros interesados na obtención da licenza.
- b) Que o solicitase cun prazo de antelación de polo menos 24 meses respecto da data de vencemento.
- c) Que o solicitante ou solicitantes acrediten o cumprimento dos requisitos que foron tidos en conta para a obtención da licenza por parte do titular ou titulares.



Artigo 11. *Licenzas singulares.*

1. A explotación de cada un dos tipos de xogo incluídos no ámbito de cada licenza xeral requirirá o outorgamento dunha licenza singular de explotación.

2. O outorgamento das licenzas singulares e a súa prórroga estarán suxeitos aos requisitos e ás condicións que determine a Comisión Nacional do Xogo no marco da regulación de cada unha das modalidades de xogo.

3. Os operadores habilitados coa licenza xeral poderán solicitar licenzas singulares. Só se poderá solicitar a licenza singular daquela actividade de xogo da cal fose publicada, con carácter previo, a súa regulación. No caso de non estar regulada, o operador de xogo poderá solicitar a súa regulación ao órgano competente, que poderá, de ser o caso, desestimar motivadamente a dita solicitude.

4. Desenvolverase regulamentariamente o procedemento de obtención de licenzas singulares. Os requisitos que se establezan no marco do procedemento para a obtención de licenzas singulares respectarán os principios de transparencia, obxectividade e non-discriminación, e serán proporcionais aos fins de protección da saúde pública, dos menores e persoas dependentes e aos da prevención da fraude e do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

5. As licenzas singulares terán unha duración mínima dun ano e máxima de cinco e serán prorrogables por períodos sucesivos de idéntica duración. A regulación de cada un dos tipos de xogo determinará a duración das correspondentes licenzas singulares e as condicións e os requisitos que se deban cumprir para a súa prórroga.

6. A perda da licenza xeral comportará a perda das licenzas singulares vinculadas a ela.

Artigo 12. *Autorizacións para a celebración de xogos de carácter ocasional.*

1. A celebración de calquera actividade de xogo obxecto desta lei que teña carácter ocasional ou esporádico queda sometida a autorización previa, conforme o procedemento que se determine regulamentariamente.

2. O outorgamento de autorizacións para a celebración de xogos de carácter ocasional correspóndelle á Comisión Nacional do Xogo, que poderá establecer a limitación na contía dos premios.

3. As persoas ou entidades que soliciten a autorización deberán satisfacer as taxas correspondentes.

4. Transcorrido un mes desde a solicitude de autorización sen que se notificase o seu outorgamento, entenderase desestimada por silencio.

## TÍTULO IV

### Control da actividade

#### CAPÍTULO I

#### Operadores

Artigo 13. *Os operadores.*

1. A organización e explotación das actividades obxecto desta lei poderá ser, segundo cada caso, efectuada por persoas físicas ou xurídicas, entidades públicas ou privadas, con nacionalidade española ou dun país pertencente ao Espazo Económico Europeo e que teñan polo menos un representante permanente en España.

Unicamente poderán participar no procedemento concorrencial de licenzas xerais para a explotación e comercialización de xogos que non teñan carácter ocasional as persoas xurídicas con forma de sociedade anónima que teñan como único obxecto social a

organización, comercialización e explotación de xogos, e constituiranse, para ese efecto, como operadores de xogos ou apostas.

As empresas que soliciten a explotación ou organización dos xogos previstos nesta lei deberán acreditar solvencia técnica, económica e financeira, nos termos que regulamentariamente se establezan.

A participación directa ou indirecta do capital non comunitario terá como límite o establecido na lexislación vixente sobre investimentos estranxeiros en España.

2. Non poderán ser titulares das licenzas e autorizacións previstas no título III desta lei as persoas físicas ou xurídicas en que conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Teren sido condenadas mediante sentenza firme dentro dos catro anos anteriores á data da solicitude do título habilitante, por delito contra a saúde pública, de falsidade, de asociación ilícita, de contrabando, contra o patrimonio e contra a orde socioeconómica, contra a Administración pública ou contra a Facenda pública e a Seguridade Social, así como por calquera infracción penal derivada da xestión ou explotación de xogos para os cales non fosen habilitados.

b) Teren solicitado a declaración de concurso voluntario, seren declaradas insolventes en calquera procedemento, estaren declaradas en concurso, salvo que neste adquirise eficacia un convenio, estaren suxeitas a intervención xudicial ou seren inhabilitadas conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Ter sido sancionada a persoa física, a persoa xurídica ou os seus socios, directivos ou administradores, mediante resolución administrativa firme, por dúas ou máis infraccións moi graves no últimos catro anos, por incumprimento da normativa de xogo do Estado ou das comunidades autónomas.

d) Dar lugar a persoa física ou a persoa xurídica, por causa da cal fose declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración xeral do Estado.

e) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado; da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nela ou na normativa autonómica que regule estas materias.

f) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

g) Non estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións.

h) Ter sido sancionada a persoa física ou a persoa xurídica mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións, ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

i) Ter sido sancionada a persoa física ou xurídica mediante resolución definitiva por infraccións moi graves recollidas na Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

j) As entidades participantes ou organizadoras de eventos deportivos ou calquera outro acontecemento sobre o cal se realicen as apostas.

Estas prohibicións alcanzan as persoas xurídicas cuxos administradores ou representantes, vixente o seu cargo ou representación, estean na dita situación por actuacións realizadas en nome ou en beneficio desas persoas xurídicas, ou nas cales concurran as condicións, calidades ou relacións que requira a correspondente figura do tipo para ser suxeito activo del.

As prohibicións de obtención do título habilitante afectarán tamén aquelas empresas das cales, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, se poida presumir

que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas en que concorresen aquelas.

Determinarase regulamentariamente o modo de apreciación e alcance das prohibicións, así como a xustificación por parte das persoas ou entidades de non estaren incursos nas prohibicións.

3. As persoas xurídicas que pretendan organizar, explotar e desenvolver as actividades de xogo obxecto desta lei solicitando unha licenza xeral deberán solicitar a súa inscrición provisional no Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo, nos termos que regulamentariamente se establezan.

#### Artigo 14. *Garantías exixibles aos operadores.*

1. Os operadores que obteñan unha licenza xeral deberán constituír unha garantía nos termos, modalidades e nas contías que regulamentariamente se establezan.

2. A garantía a que se refire o punto anterior quedará afecta ao cumprimento das obrigas establecidas nesta lei e especialmente ao aboamento dos premios, ás responsabilidades derivadas do réxime sancionador e ao pagamento das taxas devengadas en materia de xogo cando, transcorrido o período que regulamentariamente se estableza, non se fixesen efectivas. Unha vez desaparecidas as causas da súa constitución e sempre que non se teña coñecemento de obrigas ou responsabilidades pendentes ás cales estivese afecta, procederase á súa devolución, por petición do interesado, logo da liquidación oportuna cando cumpra.

3. Poderanse establecer garantías adicionais ligadas á concesión de licenzas singulares que serán determinadas pola Comisión Nacional do Xogo para cada tipo de xogo nas condicións e cos límites establecidos nas ordes ministeriais que establezan a normativa básica dos xogos, que quedarán afectas ao cumprimento das específicas obrigas de aboamento dos premios e ao cumprimento de calquera outra obriga do operador.

4. As garantías deberanse manter actualizadas. Se no prazo dun mes, contado desde a data do requirimento, non se levase a cabo a actualización, o interesado poderá incurrir en causa de revogación do título habilitante.

## CAPÍTULO II

### Participantes

#### Artigo 15. *Dereitos e obrigas dos participantes nos xogos.*

1. Os participantes nos xogos teñen os seguintes dereitos:

a) A obter información clara e veraz sobre as regras do xogo en que desexen participar.

b) A cobrar os premios que lles puidesen corresponder no tempo e na forma establecidos, de conformidade coa normativa específica de cada xogo.

c) A formular, ante a Comisión Nacional do Xogo, as reclamacións contra as decisións do operador que afecten os seus intereses.

d) Ao tempo de uso correspondente ao prezo da partida de que se trate.

e) A xogar libremente, sen coaccións ou ameazas provenientes doutros xogadores ou de calquera outra terceira persoa.

f) A coñecer en calquera momento o importe que xogou ou apostou, así como, no caso de dispor dunha conta de usuario aberta no operador de xogo, a coñecer o saldo desta.

g) A identificarse de modo seguro mediante o documento nacional de identidade, pasaporte ou documento equivalente ou mediante sistema de sinatura electrónica recoñecida, así como á protección dos seus datos persoais conforme o previsto na Lei

orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento.

h) A coñecer en todo momento a identidade do operador de xogo, especialmente no caso de xogos telemáticos, así como a coñecer, no caso de reclamacións ou posibles infraccións, a identidade do persoal que interactúe cos participantes.

i) A recibir información sobre a práctica responsable do xogo.

2. Os participantes nos xogos teñen as seguintes obrigas:

a) Identificarse ante os operadores de xogo nos termos que regulamentariamente se establezan.

b) Cumprir as normas e regras que, en relación cos participantes, se establezan nas ordes ministeriais que se aproben de conformidade co artigo 5 desta lei.

c) Non alterar o normal desenvolvemento dos xogos.

3. A relación entre o participante e o operador habilitado constitúe unha relación de carácter privado e, polo tanto, as disputas ou controversias que puideren xurdir entre eles estarán suxeitas aos xulgados e tribunais da orde xurisdiccional civil, sen prexuízo do exercicio da potestade sancionadora exercida pola Comisión Nacional do Xogo dentro das competencias recoñecidas nesta lei.

4. Os operadores habilitados establecerán os procedementos adecuados para manter a privacidade dos datos dos usuarios de conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e a súa normativa complementaria.

Os operadores unicamente tratarán os datos dos participantes que fosen necesarios para o adecuado desenvolvemento da actividade de xogo para a cal fosen autorizados e para o cumprimento das obrigas establecidas nesta lei. Os datos serán cancelados unha vez cumpridas as finalidades que xustificaron o seu tratamento.

En todo caso, de conformidade co establecido no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os operadores deberán informar os usuarios verbo do tratamento dos seus datos de carácter persoal e das finalidades para as cales se produce o tratamento, así como dos dereitos que lles corresponden de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Os operadores deberán, así mesmo, implantar sobre os ficheiros e tratamentos as medidas de seguridade establecidas na normativa vixente en materia de protección de datos e dar cumprimento ao deber de segredo imposto pola dita normativa.

### CAPÍTULO III

#### Homologación dos sistemas técnicos de xogo

Artigo 16. *Homologación dos sistemas técnicos de xogo.*

1. As entidades que leven a cabo a organización, explotación e desenvolvemento de xogos regulados nesta lei disporán do material software, equipamentos, sistemas, terminais e instrumentos en xeral necesarios para o desenvolvemento destas actividades, debidamente homologados.

2. A homologación dos sistemas técnicos de xogo, así como o establecemento das especificacións necesarias para o seu funcionamento, corresponde á Comisión Nacional do Xogo, que aprobará, no marco dos criterios fixados polo Ministerio de Economía e Facenda e o Consello de Políticas do Xogo, o procedemento de certificación dos sistemas técnicos de xogo, incluíndo, de ser o caso, as homologacións de material de xogo. A Comisión Nacional do Xogo velará para que o establecemento das especificacións, así como os procedementos de certificación e homologación de material de xogo, non

introduzan obstáculos que puideren distorsionar inxustificadamente a competencia no mercado.

3. As homologacións e certificacións validadas polos órganos competentes das comunidades autónomas para a concesión de títulos habilitantes de ámbito autonómico poderán ter efectos nos procedementos regulados nesta lei nos termos que regulamentariamente se establezan.

4. Nos procedementos de homologación dos sistemas técnicos de xogo que poidan afectar de maneira relevante o tratamento de datos de carácter persoal por parte dos operadores, a Comisión Nacional do Xogo solicitará informe á Axencia Española de Protección de Datos.

#### Artigo 17. *Requisitos dos sistemas técnicos.*

1. O sistema técnico para a organización, explotación e desenvolvemento dos xogos por medios electrónicos, informáticos, telemáticos e interactivos, con independencia do previsto no artigo 24 desta lei para os efectos da inspección e control, quedará conformado pola Unidade Central de Xogos e o conxunto de sistemas e instrumentos técnicos ou telemáticos que posibiliten a organización, comercialización e celebración de xogos por estes medios.

2. O sistema técnico, que reunirá as condicións que estableza a Comisión Nacional do Xogo, deberá dispor dos mecanismos de autenticación suficientes para garantir, entre outros:

- a) A confidencialidade e integridade nas comunicacións.
- b) A identidade dos participantes, no suposto dos xogos desenvolvidos a través de medios telemáticos e interactivos, así como a comprobación, nos termos que regulamentariamente se establezan, de que non estean inscritos no rexistro previsto no artigo 22.1.b) desta lei.
- c) A autenticidade e o cómputo das apostas.
- d) O control do seu correcto funcionamento.
- e) O cumprimento das prohibicións subxectivas reguladas no artigo 6 desta lei.
- f) O acceso aos compoñentes do sistema informático exclusivamente do persoal autorizado ou da propia Comisión Nacional do Xogo, nas condicións que esta puiden establecer.

#### Artigo 18. *Unidade central de xogos.*

1. Os operadores habilitados para a organización, explotación e desenvolvemento dos xogos de carácter permanente obxecto desta lei deberán dispor dunha unidade central de xogos que cumprirá as especificacións que, para ese efecto, estableza a Comisión Nacional do Xogo, e que permitirá:

- a) Rexistrar todas as actuacións ou operacións realizadas desde os equipamentos e usuarios conectados a ela.
- b) Garantir o correcto funcionamento das actividades de xogo.
- c) Comprobar en todo momento, se así fose necesario, as operacións realizadas, os participantes nelas e os seus resultados, se a natureza do xogo así o permite, así como reconstruír de maneira fiable todas as actuacións ou operacións realizadas a través dela.

2. Os operadores deberán asegurar a existencia das copias de seguridade necesarias e a aplicación das medidas técnicas e os plans de continxencia que permitan garantir a recuperación de datos ante calquera clase de incidencia.

3. Os operadores deberán dispor dunha réplica da súa unidade central de xogos, que permitirá o normal desenvolvemento da actividade dos xogos, con todas as garantías, nos supostos en que a unidade principal se achar fóra de servizo.

4. Tanto a unidade central de xogos como a súa réplica incorporarán conexións informáticas seguras e compatibles cos sistemas da Comisión Nacional do Xogo que

permitan a esta realizar un control e seguimento, en tempo real se así se requirise, da actividade de xogo levada a cabo, dos premios outorgados e da identidade das persoas que participan e son premiadas neles e, de ser o caso, da devolución de premios que eventualmente se produza con motivo da anulación dos xogos, todo iso sen prexuízo da posibilidade de realizar inspeccións presenciais. A unidade central deberá poder ser monitorizada desde territorio español pola Comisión Nacional do Xogo, con independencia da súa localización. A Comisión Nacional do Xogo poderá requirir que unidades secundarias dos sistemas do operador se sitúen en España coa finalidade de verificación e control da información.

## TÍTULO V

### A Administración do xogo

#### CAPÍTULO I

#### O Ministerio de Economía e Facenda

Artigo 19. *Competencias do Ministerio de Economía e Facenda.*

Corresponderanlle ao titular do Ministerio de Economía e Facenda as seguintes competencias:

1. Establecer a regulamentación básica de cada xogo e, no caso de xogos esporádicos, as bases xerais para a súa práctica ou desenvolvemento, con base nos criterios fixados polo Consello de Políticas do Xogo.
2. Aprobar os pregos de bases dos procedementos concorrenciais a que se refire o artigo 10.1 desta lei, de acordo co marco establecido no Regulamento de licenzas e na súa normativa de desenvolvemento.
3. Elaborar e modificar as normas en materia de xogo que se consideren necesarias para o cumprimento das finalidades desta lei.
4. Autorizar a comercialización de lotarías e impor as sancións correspondentes ás infraccións cualificadas como moi graves, de conformidade co disposto, respectivamente, nos artigos 4.2 e 4.3 desta lei.
5. Propor o nomeamento do presidente e dos conselleiros da Comisión Nacional do Xogo.
6. Instruír o expediente de cesamento dos membros da Comisión Nacional do Xogo a que se refire o artigo 29. f) desta lei.
7. Cantas outras se establezan nesta lei.

#### CAPÍTULO II

#### A Comisión Nacional do Xogo

Artigo 20. *Obxecto e natureza xurídica.*

1. Créase a Comisión Nacional do Xogo, que terá por obxecto velar polo adecuado funcionamento do sector do xogo e garantir a efectiva dispoñibilidade e prestación de servizos competitivos en beneficio dos usuarios. A súa finalidade é autorizar, supervisar, controlar e, de ser o caso, sancionar, o desenvolvemento, explotación e comercialización dos xogos e demais actividades previstas no ámbito de aplicación desta lei.

Como principio reitor, deberá velar pola integridade, seguridade, fiabilidade e transparencia das operacións de xogo, así como polo cumprimento da normativa vixente e das condicións establecidas para a explotación das actividades de xogo.

Así mesmo, canalizará a demanda dimensionando a oferta de actividades de xogo, evitando a explotación das actividades de xogo con fins fraudulentos e establecendo o marco apropiado para protexer os menores desenvolvendo ou impulsando as actuacións, programas e actividades específicas para previr o desenvolvemento de fenómenos de dependencia.

2. A Comisión Nacional do Xogo configúrase como un organismo regulador, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, dos previstos na disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

3. A Comisión Nacional do Xogo é un organismo funcionalmente independente da Administración xeral do Estado, aínda que está adscrita ao Ministerio de Economía e Facenda a través da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos, que asume o exercicio das funcións de coordinación entre a Comisión e o Ministerio.

4. Mediante real decreto acordado en Consello de Ministros, aprobarase o Estatuto da Comisión Nacional do Xogo, no cal se establecerá a súa organización, estrutura, funcionamento, así como calquera outro aspecto que for preciso para o cumprimento das súas funcións e que, en todo caso, deberá ter o seguinte contido:

a) As funcións que se van desenvolver e, de ser o caso, as facultades decisorias correspondentes ás competencias que asume da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos, e calquera outra que se lle atribúa.

b) A determinación da sede, estrutura orgánica e réxime de funcionamento.

c) Os medios persoais, materiais, económico-financeiros e patrimoniais que se adscriben á Comisión Nacional do Xogo.

d) A forma de participación das comunidades autónomas ou doutras administracións públicas na Comisión Nacional do Xogo.

5. No exercicio das súas funcións públicas, e en defecto do disposto nesta lei e nas normas que a completen ou desenvolvan, a Comisión Nacional do Xogo actuará conforme o establecido na súa lexislación específica e supletoriamente pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

#### Artigo 21. *Funcións.*

Son funcións da Comisión Nacional do Xogo as seguintes:

1. Desenvolver a regulación básica dos xogos e as bases xerais dos xogos esporádicos cando así se determine na orde ministerial que as aprobe.

2. Propor ao titular do Ministerio de Economía e Facenda os pregos de bases dos procedementos a que se refire o artigo 10.1 desta lei e conceder os títulos habilitantes necesarios para a práctica das actividades reguladas obxecto desta lei.

3. Emitir informe, con carácter preceptivo, sobre a autorización das actividades de lotaría suxeitas a reserva.

4. Ditar instrucións de carácter xeral aos operadores de xogo.

5. Establecer os requisitos técnicos e funcionais necesarios dos xogos, os estándares de operacións tecnolóxicas e certificacións de calidade, e os procesos, procedementos, plans de recuperación de desastres, plans de continuidade do negocio e seguridade da información, de acordo coas previsións contidas nos regulamentos correspondentes e os criterios fixados polo Consello de Políticas do Xogo.

6. Homologar o software e os sistemas técnicos, informáticos ou telemáticos precisos para a realización dos xogos, así como os seus estándares, incluíndo os mecanismos ou sistemas que permitan a identificación dos participantes nos xogos. No exercicio desta función, a Comisión Nacional do Xogo velará por evitar calquera obstáculo inxustificable á competencia no mercado.

7. Vixiar, controlar, inspeccionar e, de ser o caso, sancionar as actividades relacionadas cos xogos, en especial as relativas ás actividades de xogo reservadas a determinados operadores en virtude desta lei, sen prexuízo das facultades atribuídas ás autoridades de defensa da competencia.

8. Perseguir o xogo non autorizado, xa se realice no ámbito do Estado español, xa desde fóra de España e que se dirixa ao territorio do Estado. E poderá requirir a calquera provedor de servizos de pagamento, entidades de prestación de servizos de comunicación audiovisual, servizos da sociedade da información ou de comunicacións electrónicas, información relativa ás operacións realizadas polos distintos operadores ou por organizadores que carezan de título habilitante ou o cesamento dos servizos que estivesen a prestar.

9. Asegurar que os intereses dos participantes e dos grupos vulnerables sexan protexidos, así como o cumprimento das leis, regulamentacións e principios que os regulan, para defender a orde pública e evitar o xogo non autorizado.

10. Establecer as canles apropiadas para lle proporcionar ao participante unha información precisa e adecuada sobre as actividades de xogo e procedementos eficaces de reclamación.

11. Resolver as reclamacións que poidan ser presentadas polos participantes contra os operadores.

12. Xestionar os rexistros previstos nesta lei.

13. Promover e realizar estudos e traballos de investigación en materia de xogo, así como sobre a súa incidencia ou impacto na sociedade.

14. Colaborar no cumprimento da lexislación de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo e vixiar o seu cumprimento, sen prexuízo das competencias doutros órganos administrativos en relación cos operadores que realicen actividades de xogo suxeitas a reserva de actividade pola lei.

15. Exercer a función arbitral de conformidade co artigo 25 desta lei.

16. Xestionar e recadar a taxa pola xestión administrativa do xogo.

17. Calquera outra competencia de carácter público e as potestades administrativas que en materia de xogos actualmente ten a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos, coa excepción das funcións policiais que correspondan ás forzas e corpos de seguridade, sen prexuízo das facultades atribuídas ás autoridades de defensa da competencia.

18. Calquera outra función que lle atribúa o ordenamento xurídico.

## Artigo 22. *Os rexistros do sector do xogo.*

1. A Comisión Nacional do Xogo constituirá, baixo a súa dependencia e control, os seguintes rexistros de ámbito estatal:

a) O Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo, no cal se practicarán as inscricións de carácter provisional das empresas que participen nos procedementos concorrenciais de licenzas xerais, así como as inscricións de carácter definitivo das entidades que obtivesen unha licenza para desenvolver a actividade de xogo.

b) O Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo, no cal se inscribirá a información necesaria para facer efectivo o dereito dos cidadáns a que lles sexa prohibida a participación nas actividades de xogo nos casos en que sexa necesaria a identificación para a participación nelas. Así mesmo, inscribírase a información relativa a aqueloutras persoas que, por resolución xudicial, teñan prohibido o acceso ao xogo ou se achen incapacitadas legalmente. Os requisitos de carácter subxectivo preceptivos para a inscrición neste rexistro serán determinados pola Comisión Nacional do Xogo. A información deste rexistro facilitaráselles aos operadores de xogo coa finalidade de impedir o acceso ao xogo das persoas inscritas nel.

Establecerase regulamentariamente o procedemento para coordinar a comunicación de datos entre os rexistros de interdición de acceso ao xogo das distintas comunidades autónomas e o Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo.



c) Rexistro de Persoas Vinculadas a Operadores de Xogo, no cal se inscribirán os datos dos accionistas, partícipes ou titulares significativos da propia empresa de xogo, o seu persoal directivo e empregados directamente involucrados no desenvolvemento dos xogos, así como os seus cónxuxes ou persoas coas cales convivan, ascendentes e descendentes en primeiro grao.

2. O tratamento dos datos de carácter persoal nos ficheiros e rexistros a que se refire o punto anterior, para os fins previstos nesta lei, non requirirá do consentimento dos seus titulares.

Determinarase regulamentariamente o contido concreto dos rexistros a que se refire este artigo. Os rexistros non incluírán máis datos que os estritamente necesarios para o cumprimento das finalidades previstas para eles nesta lei.

O contido dos rexistros referidos neste artigo non presenta carácter público, e a comunicación dos datos contidos neles quedará limitada, única e exclusivamente, ás finalidades previstas nesta lei.

3. Regulamentariamente establecerase a organización e o funcionamento dos rexistros do sector do xogo. Neste marco, a Comisión Nacional do Xogo e os órganos competentes das comunidades autónomas poderán acordar, mediante os oportunos convenios de colaboración, a interconexión dos seus rexistros de xogo e o intercambio de datos e información tributaria, con pleno respecto á normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal.

#### Artigo 23. *Competencia regulatoria.*

1. A Comisión Nacional do Xogo poderá ditar aquelas disposicións que exixan o desenvolvemento e execución das normas contidas nesta lei, nos reais decretos aprobados polo Goberno ou nas ordes do Ministerio de Economía e Facenda, sempre que estas disposicións a habiliten de modo expreso para iso. Estas disposicións serán elaboradas pola propia Comisión Nacional do Xogo, logo dos informes técnicos e xurídicos oportunos dos seus servizos competentes, e a consulta, de ser o caso, ás comunidades autónomas. Tales disposicións serán aprobadas polo Consello da Comisión Nacional do Xogo, non producirán efectos ata a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e entrarán en vigor conforme o disposto no punto primeiro do artigo 2 do Código civil.

2. Cando se ditén disposicións que poidan incidir significativamente nas condicións de competencia dos operadores de xogo, a Comisión Nacional do Xogo estará obrigada a solicitar informe previo ao órgano competente en materia de defensa da competencia.

3. As disposicións ou resolucións que dite a Comisión Nacional do Xogo no exercicio das potestades administrativas que se lle confiren nesta lei porán fin á vía administrativa e poderán ser impugnadas potestativamente en reposición de acordo co establecido na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa de acordo co disposto na lei reguladora da dita xurisdición.

#### Artigo 24. *Inspección e control.*

1. Co obxecto de garantir o disposto nesta lei e nas disposicións que a complementen, corresponderá á Comisión Nacional do Xogo a auditoría, vixilancia, inspección e control de todos os aspectos e estándares administrativos, económicos, procedementais, técnicos, informáticos, telemáticos e de documentación relativos ao desenvolvemento das actividades previstas nesta lei.

Así mesmo, corresponderá á Comisión Nacional do Xogo a investigación e persecución dos xogos ilegais, sen prexuízo das facultades que correspondan ás forzas e corpos de seguridade competentes e ao Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias nos termos do artigo 45.4 f) da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo. A Comisión Nacional do Xogo establecerá os procedementos necesarios para o cumprimento das funcións antes citadas.

As forzas e corpos de seguridade do Estado, de acordo co establecido no artigo 12.1.A), letra d), da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade do Estado, colaborarán coa Comisión Nacional do Xogo nas funcións de vixilancia e inspección do cumprimento da normativa en materia de xogo. Se, como resultado da actividade inspectora levada a cabo polas forzas e corpos de seguridade do Estado no exercicio das funcións de colaboración coa Comisión Nacional do Xogo, se comprobase a existencia de indicios da comisión dunha infracción, levantarase a oportuna acta, que será enviada aos órganos competentes para iniciar o procedemento sancionador.

2. A Comisión Nacional do Xogo establecerá os procedementos adicionais para o seguimento e control dos operadores que realicen actividades de xogo suxeitas a reserva en virtude dunha lei e do cumprimento das condicións que se establezan a eles, en especial, en relación coa protección da orde pública e a prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo. No caso de que, no exercicio do seu labor inspector, a Comisión Nacional do Xogo apreciase posibles infraccións das obrigas establecidas na Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, esta informará a Secretaría da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias nos termos do artigo 48.1 da citada lei.

3. A Comisión Nacional do Xogo poderá efectuar un control sobre a conta de usuario do participante nas actividades de xogo obxecto desta lei, así como dos operadores ou provedores de servizos de xogo. A Comisión Nacional do Xogo terá acceso aos datos de carácter persoal recollidos na conta de usuario dos participantes, respectando, en todo momento, o disposto pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos, e pola súa normativa de desenvolvemento.

As administracións públicas daránlle acceso á Comisión Nacional do Xogo ás súas bases de datos coa finalidade de comprobar a identidade do participante e, especialmente, a súa condición de maior de idade.

4. Os operadores habilitados, os seus representantes legais e o persoal que, de ser o caso, estea á fronte das actividades no momento da inspección, terán a obriga de lles facilitar aos inspectores e ao seu persoal auxiliar o acceso aos locais e ás súas diversas dependencias, así como o exame dos soportes técnicos e informáticos, libros, rexistros e documentos que solicite a Inspección. O resultado da inspección farase constar en acta, que terá a natureza de documento público e fará proba, salvo que se acredite o contrario, dos feitos e circunstancias que a motiven.

A acta deberá ser asinada polo funcionario que a expida e pola persoa ou representante da entidade fiscalizada, quen poderá facer constar cantas observacións xulgue convenientes. Entregarase copia da acta á persoa ou representante da entidade fiscalizada, deixando constancia, de ser o caso, da súa negativa a asinala ou a estar presente no desenvolvemento da inspección.

No exercicio das funcións de inspección, o persoal da Comisión Nacional do Xogo terá a condición de autoridade. O exercicio das facultades de inspección e control poderá ser obxecto de convenio coas comunidades autónomas respecto das actividades e dos medios ou instrumentos situados no seu territorio, con excepción das de carácter resolutorio.

A Comisión Nacional do Xogo colaborará con outros organismos reguladores do Espazo Económico Europeo na persecución do xogo ilegal, mediante a adopción de medidas coordinadas para obter a cesación na prestación de servizos ilegais de xogo e o intercambio de información.

5. A Comisión Nacional do Xogo poderá asinar acordos de corregulación que coaduxen ao cumprimento das obrigas establecidas nesta lei, en particular no referido á publicidade, nos termos que se determinen regulamentariamente. Na medida en que os ditos acordos afecten a publicidade efectuada polos prestadores do servizo de comunicación audiovisual, deberá obterse informe do Consello Estatal de Medios Audiovisuais con carácter previo á súa sinatura. Os sistemas de autorregulación dotaranse de órganos independentes de control para asegurar o cumprimento eficaz dos compromisos asumidos polas empresas adheridas. Os seus códigos de conduta poderán incluír, entre outras, medidas individuais ou colectivas de autocontrol previo dos contidos publicitarios e deberán

establecer sistemas eficaces de resolución extraxudicial de reclamacións que cumpran os requisitos establecidos na normativa comunitaria e, como tales, sexan notificados á Comisión Europea, de conformidade co previsto na Resolución do Consello do 25 de maio de 2000, relativo á rede comunitaria de órganos nacionais de solución extraxudicial de litixios en materia de consumo ou calquera disposición equivalente.

*Artigo 25. Arbitraje da Comisión Nacional do Xogo.*

1. A Comisión Nacional do Xogo actuará como órgano arbitral nos conflitos que lle sometan os operadores de xogos, no marco do réxime establecido na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, cuxas normas se aplicarán supletoriamente no non previsto nesta lei nin nas súas normas de desenvolvemento.

2. A función arbitral non terá carácter público e será gratuíta, salvo os gastos xerados pola práctica das probas.

3. O procedemento, que se regulará no Estatuto da Comisión Nacional do Xogo, axustarase aos principios de igualdade entre as partes, audiencia e contradición.

*Artigo 26. O Consello. Nomeamento e mandato dos membros do Consello da Comisión Nacional do Xogo.*

1. O Consello é o órgano Colexiado de decisión en relación coas funcións atribuídas á Comisión Nacional, sen prexuízo das delegacións que poida acordar. Entre as súas facultades indelegables están a aprobación dos orzamentos da Comisión Nacional do Xogo e da súa memoria anual e os seus plans anuais ou plurianuais de actuación en que se definan os seus obxectivos e as súas prioridades, así como as funcións de arbitraje e a potestade de ditar instrucións de carácter xeral aos operadores de xogo.

2. Serán membros do Consello o presidente da Comisión Nacional do Xogo, que tamén o será do Consello, e seis conselleiros.

3. Ás reunións do Consello poderá asistir, con voz pero sen voto, o persoal directivo, así como o persoal non directivo que determine o presidente, de acordo cos criterios xerais que para ese efecto acorde o Consello.

4. Corresponde á presidencia do Consello o exercicio das seguintes funcións:

a) Exercer, en xeral, as competencias que aos presidentes dos órganos Colexiados administrativos lles atribúe a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Convocar o Consello por propia iniciativa ou por petición de, polo menos, a metade dos conselleiros, e presidilo.

c) Establecer o criterio de distribución de asuntos entre os conselleiros.

5. O Consello entenderase validamente constituído coa asistencia do presidente e de tres conselleiros. A asistencia dos conselleiros ás reunións do Consello é obrigatoria, salvo casos debidamente xustificadas.

6. Os acordos adoptaranse por maioría de votos dos asistentes. En caso de empate, decidirá o voto de quen presida.

7. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade do presidente, suplirao o conselleiro de maior antigüidade e, a igual antigüidade, o de maior idade.

8. O Consello, por proposta do presidente, elixirá un secretario non conselleiro, que terá voz pero non voto, a quen lle corresponderá asesorar o Consello en dereito, informar sobre a legalidade dos asuntos sometidos á súa consideración, así como as funcións propias da secretaría dos órganos Colexiados. O servizo xurídico da Comisión Nacional do Xogo dependerá da Secretaría do Consello.

9. O Consello aprobará o Regulamento de funcionamento interno da Comisión Nacional do Xogo, no cal se regulará a actuación dos seus órganos, a organización do persoal, o réxime de transparencia e de reserva da información e, en particular, o funcionamento do Consello, incluíndo o seu réxime de convocatorias e sesións, e o procedemento interno para a elevación de asuntos para a súa consideración e a súa

adopción. A aprobación do regulamento requirirá o voto favorable de, polo menos, cinco dos membros do Consello.

10. O presidente e os conselleiros serán nomeados polo Goberno, mediante real decreto, por proposta do titular do Ministerio de Economía e Facenda, entre persoas de recoñecido prestixio e competencia profesional, logo de comparecencia oportuna das persoas propostas como presidente e conselleiros ante a comisión correspondente do Congreso dos Deputados, que versará sobre a capacidade dos candidatos. A comparecencia do presidente, ademais, estenderase ao seu proxecto de actuación sobre o organismo e sobre o sector regulado.

11. O mandato do presidente e os conselleiros será de seis anos sen posibilidade de reelección como membro do Consello. A renovación dos conselleiros farase parcialmente para fomentar a estabilidade e continuidade do Consello.

*Artigo 27. O presidente da Comisión Nacional do Xogo.*

Correspóndelle ao presidente da Comisión Nacional do Xogo:

- a) Representar legal e institucionalmente a Comisión Nacional do Xogo.
- b) Velar polo adecuado desenvolvemento das actuacións da Comisión, de acordo co ordenamento xurídico.
- c) Manter a boa orde e goberno da organización da Comisión.
- d) Impulsar a actuación da Comisión e o cumprimento das funcións que teña encomendadas. En particular, a elaboración de plans anuais ou plurianuais de actuación en que se definan os seus obxectivos e prioridades.
- e) Exercer funcións de dirección e coordinación en relación cos directivos e co resto do persoal da Comisión Nacional do Xogo, de acordo coas competencias atribuídas pola súa lexislación específica.
- f) Dirixir, coordinar, avaliar e supervisar as distintas unidades da Comisión.
- g) Dar conta ao titular do Ministerio de Economía e Facenda das vacantes que se produzan no Consello da Comisión Nacional do Xogo.
- h) Dirixir a execución dos orzamentos da Comisión Nacional do Xogo.
- i) Dirixir a contratación da Comisión.
- j) Efectuar a rendición de contas da Comisión Nacional do Xogo.
- k) Cantas funcións lle delegue o Consello.

*Artigo 28. Funcións dos membros do Consello.*

1. O presidente e os conselleiros da Comisión Nacional do Xogo exercerán a súa función con dedicación absoluta.

2. Sen prexuízo da súa función como relatores dos asuntos que lles asigne o presidente, en aplicación do previsto na letra c) do punto 4 do artigo 26 desta lei, os conselleiros non poderán asumir individualmente funcións executivas ou de dirección de áreas concretas da Comisión Nacional do Xogo, as cales corresponderán ao persoal directivo.

3. O presidente e os conselleiros da Comisión Nacional do Xogo estarán sometidos ao réxime de incompatibilidade de actividades establecido para os altos cargos da Administración xeral do Estado na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, e nas súas disposicións de desenvolvemento, así como no Acordo do Consello de Ministros, do 18 de febreiro de 2005, polo que se aproba o Código de bo goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

4. Durante os dous anos posteriores ao seu cesamento, o presidente e os conselleiros non poderán exercer ningunha actividade profesional privada relacionada co sector do xogo, tanto en empresas do sector como para empresas do sector. En virtude desta limitación, o presidente e os conselleiros da Comisión Nacional do Xogo, ao cesaren no seu cargo por renuncia, expiración do termo do seu mandato ou incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, terán dereito a percibir, a partir do mes seguinte a

aquel en que se produza o seu cesamento e durante un prazo igual ao que desempeñasen o cargo, co límite máximo de dous anos, unha compensación económica mensual igual á doceava parte do oitenta por cento do total de retribucións asignadas ao cargo respectivo no orzamento en vigor durante o prazo indicado.

Artigo 29. *Causas de cesamento no exercicio do cargo.*

O presidente e os conselleiros da Comisión Nacional do Xogo cesarán no seu cargo:

- a) Por renuncia.
- b) Por expiración do termo do seu mandato.
- c) Por incompatibilidade sobrevida.
- d) Por ser condenados por delito doloso.
- e) Por incapacidade permanente.
- f) Mediante separación acordada polo Goberno por incumprimento grave dos deberes do seu cargo ou o incumprimento das obrigas sobre incompatibilidades, conflitos de interese e do deber de reserva. A separación será acordada con independencia do réxime sancionador que, de ser o caso, poida corresponder e adoptarse por iniciativa do Goberno, logo de instrución de expediente polo titular do Ministerio de Economía e Facenda.

Artigo 30. *Réxime de contratación.*

Os contratos que celebre a Comisión Nacional do Xogo axustaranse ao disposto na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público. Así mesmo, poderá formalizar convenios ou concertos con calquera entidade pública ou privada, española ou estranxeira; neste último suposto estará sometida ás condicións que poida establecer o Ministerio de Economía e Facenda e poderá incorporar para ese efecto cláusulas de arbitraje aos citados convenios para a resolución das controversias que se puideren suscitar.

Artigo 31. *Réxime de persoal.*

1. O persoal ao servizo da Comisión Nacional do Xogo será funcionario ou laboral nos termos establecidos para a Administración xeral do Estado, de acordo co seu estatuto.

2. O persoal funcionario rexeráse polo disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e nas demais normas aplicables ao persoal funcionario da Administración xeral do Estado. O persoal laboral rexeráse, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público que así o dispoñan.

3. A selección do persoal ao servizo da Comisión Nacional do Xogo realizarase mediante convocatoria pública, a través de procedementos que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade. A selección do persoal directivo atenderá a principios de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade, e levarase a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e concorrencia.

4. A Comisión Nacional do Xogo contará cunha relación de postos de traballo na cal constarán, de ser o caso, os postos que deban ser desempeñados por funcionarios de carreira porque comporten o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas.

5. A provisión de postos de traballo realizarase de conformidade co disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e nas demais normas aplicables ao persoal ao servizo da Administración xeral do Estado.

6. O persoal que preste servizo na Comisión Nacional do Xogo estará suxeito á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Artigo 32. *Réxime orzamentario e de control.*

1. A Comisión Nacional do Xogo elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento coa estrutura que sinale o Ministerio de Economía e Facenda e remitirao a este para a súa elevación ao acordo do Goberno e posterior remisión ás Cortes Xerais, integrado nos orzamentos xerais do Estado. As variacións no orzamento serán autorizadas polo titular do Ministerio de Economía e Facenda, cando o seu importe non exceda o cinco por cento deste, e polo Goberno, nos demais casos.

2. O réxime do seu control económico e financeiro axustarase ás previsións contidas na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para este tipo de entidades.

Artigo 33. *Réxime económico-financeiro e recursos da Comisión Nacional do Xogo.*

1. A Comisión Nacional do Xogo contará, para o cumprimento dos seus fins, cos seguintes recursos:

- a) As asignacións que se establezan anualmente con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
- b) Os bens e dereitos que constitúan o seu patrimonio, así como os seus produtos e rendas.
- c) Os ingresos obtidos pola liquidación das taxas previstas nesta lei.
- d) Calquera outro que legalmente lle poida ser atribuído.

2. O patrimonio da Comisión Nacional do Xogo estará suxeito ao disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

### CAPÍTULO III

#### O Consello de Políticas do Xogo

Artigo 34. *O Consello de Políticas do Xogo.*

1. O Consello de Políticas do Xogo será o órgano de participación e coordinación das comunidades autónomas e do Estado en materia de xogo.

2. No Estatuto da Comisión Nacional do Xogo estableceranse outros procedementos a través dos cales se materialice a participación e comunicación coas comunidades autónomas a través da emisión de informes ou formulación de propostas que o Consello de Políticas do Xogo poida considerar oportunas para unha mellor coordinación no exercicio das competencias estatais e autonómicas.

3. O Consello de Políticas do Xogo estará integrado polos conselleiros que desempeñen as responsabilidades en materia de xogo de todas as comunidades e cidades autónomas e por un número paritario de representantes da Administración xeral do Estado. A presidencia do Consello corresponderá ao titular do Ministerio de Economía e Facenda e a Secretaría permanente ao Ministerio de Economía e Facenda. Tanto o presidente como os demais membros do Consello de Políticas do Xogo poderán delegar as súas funcións, asistencia e voto.

4. O Consello de Políticas do Xogo elaborará un regulamento de funcionamento que determinará o réxime de convocatorias e de aprobación dos seus acordos. Este regulamento de funcionamento do Consello de Políticas do Xogo será aprobado por maioría absoluta dos seus membros.

5. En particular, as comunidades autónomas e o Estado, mediante o Consello de Políticas do Xogo, promoverán as actuacións pertinentes, incluíndo a posibilidade de formular propostas normativas de acordo coas respectivas competencias, para favorecer a converxencia do réxime xurídico e fiscal, así como a regulación en materia de publicidade, patrocinio e promoción aplicable a calquera modalidade de xogo, tipo de xogo e operador en todo o territorio nacional.

**Artigo 35. Competencias.**

O Consello de Políticas do Xogo entenderá das seguintes materias:

- a) Normativa básica dos diferentes xogos.
- b) Desenvolvemento da regulación básica dos xogos e das bases xerais dos xogos esporádicos.
- c) Criterios para o outorgamento de licenzas.
- d) Definición dos requisitos dos sistemas técnicos de xogo e a súa homologación.
- e) Principios para o recoñecemento das certificacións e homologacións de licenzas outorgadas polos órganos das comunidades autónomas competentes en materia de xogo.
- f) Coordinación da normativa sobre as medidas de protección aos menores e persoas dependentes.
- g) Estudo de medidas que cómpre propor ao Estado e ás comunidades autónomas que permitan avanzar na equiparación do réxime xurídico aplicable, incluído o ámbito tributario, ao xogo realizado a través de canles electrónicas, informáticas, telemáticas e interactivas e ao xogo presencial, así como ás actividades de publicidade e de patrocinio das ditas actividades, promovendo as consultas ás asociacións representativas do sector.
- h) En xeral, todo aspecto das actividades de xogo que, dada a súa natureza, precise dunha actuación coordinada do Estado e as comunidades autónomas.

**TÍTULO VI****Réxime sancionador****Artigo 36. Competencia.**

1. A Comisión Nacional do Xogo e, nos supostos a que se refire o artigo 42.3 desta lei, o titular do Ministerio de Economía e Facenda, exercerán a potestade sancionadora respecto das infraccións administrativas cometidas en materia de xogo obxecto desta lei.

2. No caso de que a infracción sexa realizada por unha entidade suxeita á vixilancia ou inspección dun organismo regulador distinto da Comisión Nacional do Xogo ou cando por razón da materia resultar competente outro órgano administrativo, a Comisión Nacional do Xogo, para os efectos da tramitación do correspondente procedemento sancionador, dará traslado a aquel dos feitos supostamente constitutivos de infracción. En todo caso, a Comisión Nacional do Xogo será competente para sancionar pola comisión das infraccións previstas na letra e) do artigo 40 desta lei.

3. En particular, os prestadores de servizos de comunicación audiovisual, de comunicación electrónica e da sociedade da información serán responsables administrativos da promoción, patrocinio e publicidade dos xogos a que se refire esta lei cando quen os realice careza de título habilitante ou cando se difundan sen dispor da autorización para publicitalos ou á marxe dos límites fixados nela ou infrinxindo as normas vixentes nesta materia. A competencia para instruír os procedementos e sancionar os prestadores de servizos de comunicación audiovisual corresponde ao Consello Estatal de Medios Audiovisuais. Nestes casos aplicarase o réxime sancionador previsto na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, salvo a excepción prevista no punto anterior, respecto das infraccións do artigo 40, letra e).

4. Cando a infracción sexa cometida por unha entidade intermediaria cuxo ámbito de actuación se limite ao territorio dunha comunidade autónoma ou cando a promoción, patrocinio e publicidade dos xogos a través de medios presenciais se realice no territorio dunha comunidade autónoma, será competente para exercer a potestade sancionadora o órgano autonómico correspondente.

**Artigo 37. *Infraccións.***

1. Son infraccións administrativas as accións ou omisións tipificadas nesta lei e que poden ser especificadas nos regulamentos que a desenvolvan.
2. As infraccións administrativas nesta materia clasifícanse en moi graves, graves e leves.

**Artigo 38. *Suxeitos infractores.***

1. Son suxeitos infractores as persoas físicas ou xurídicas que realicen as accións ou omisións tipificadas como infraccións nesta lei, lles dean soporte, publiciten, promovan ou obteñan beneficio delas.
2. Considéranse tamén suxeitos infractores e organizadores de xogo para os efectos deste artigo, e exíxeselles idéntica responsabilidade, as persoas físicas ou xurídicas que obtivesen un beneficio relevante vinculado directamente ao desenvolvemento de actividades de xogo como consecuencia das accións ou omisións referidas no punto anterior.

**Artigo 39. *Infraccións moi graves.***

Son infraccións moi graves:

- a) A organización, celebración ou explotación das actividades incluídas no ámbito de aplicación desta lei carecendo do título habilitante correspondente.
- b) Realizar, promover, permitir ou consentir, expresa ou tacitamente, a organización, celebración ou explotación das actividades obxecto desta lei en medios ou soportes ou por canles de distribución non autorizadas e, en particular, mediante o emprego de software, sistemas de comunicación, materiais ou equipamentos non autorizados ou non homologados.
- c) A cesión do título habilitante, así como a súa transmisión nos supostos previstos no artigo 9.3 desta lei, sen a autorización previa da Comisión Nacional do Xogo.
- d) A obtención das correspondentes autorizacións ou licenzas mediante a achega de documentos ou datos falsos e incertos.
- e) A falta de pagamento inxustificada e reiterada dos premios que correspondan aos participantes dos xogos.
- f) A alteración ou manipulación dos sistemas técnicos previamente homologados ou de calquera outro elemento relativo á obtención de premios en prexuízo dos participantes.
- g) A realización de actividades de xogo infrinxindo a reserva establecida no artigo 4 desta lei.
- h) A comisión de dúas infraccións graves no prazo de dous anos, con sanción definitiva en vía administrativa.
- i) O desenvolvemento e a comercialización a través da internet de actividades de xogo no ámbito de aplicación desta lei que non sexan realizadas no sitio web específico baixo «.es» ao cal se refire o artigo 10.4.d) desta lei.
- j) O incumprimento da obriga de redireccionamento referida no artigo 10.4.e) desta lei.

**Artigo 40. *Infraccións graves.***

Son infraccións graves:

- a) O incumprimento dos requisitos e condicións fixados no título habilitante e, en particular, dos deberes de control para garantir a seguridade dos xogos.
- b) Permitirles o acceso á actividade de xogo ás persoas que o teñen prohibido, de conformidade co artigo 6 desta lei, sempre que a entidade explotadora de xogos coñeza ou deba coñecer a concorrencia de tales prohibicións.



- c) A concesión de préstamos ou calquera outra modalidade de crédito aos participantes por parte dos operadores.
- d) Efectuar a promoción, patrocinio e publicidade dos xogos obxecto desta lei, ou actuacións de intermediación, cando quen o realice careza de título habilitante ou se difundan con infracción das condicións e límites fixados nel ou infrinxindo as normas vixentes nesta materia, calquera que sexa o medio que se utilice para iso.
- e) O incumprimento dos requirimentos de información ou de cesamento de prestación de servizos ditados pola Comisión Nacional do Xogo que se dirixan aos provedores de servizos de pagamento, prestadores de servizos de comunicación audiovisual, prestadores de servizos da sociedade da información ou de comunicacións electrónicas e medios de comunicación social.
- f) A obstrución, resistencia ou escusa á función de inspección e control, así como a ocultación ou destrución da información, documentos ou soportes dela.
- g) A negativa reiterada dos operadores ou organizadores a facilitar a información que lle sexa requirida pola Comisión Nacional do Xogo.
- h) A negativa reiterada a atender as reclamacións ou queixas formuladas polos participantes ou a Comisión Nacional do Xogo.
- i) O incumprimento das obrigas de comunicación daquelas modificacións efectuadas na composición, sede, capital e titularidade das accións ou participacións das persoas xurídicas habilitadas, no prazo de tres meses desde que se realizaron.
- j) O incumprimento dos requisitos técnicos dos regulamentos ou do prego de bases relativos ao software e aos sistemas de comunicación.
- k) A utilización de sistemas técnicos non homologados ou non autorizados.
- l) A fabricación, comercialización, mantemento ou distribución de material de xogo propiedade dos operadores que desenvolvan actividades de xogo obxecto de reserva no artigo 4 desta lei sen a debida autorización.
- m) A falta de pagamento dos premios que corresponderen aos participantes nos xogos.
- n) A comisión de dúas infraccións leves no prazo de dous anos, con sanción definitiva en vía administrativa.

#### Artigo 41. *Infraccións leves.*

Constitúen infraccións leves:

- a) A participación en actividades de xogo contravindo as prohibicións establecidas no artigo 6.2, letras c), d), e), f), g) e h) desta Lei.
- b) Os incumprimentos das obrigas contidas nesta lei, cando non estiveren expresamente tipificadas como infraccións graves ou moi graves.
- c) Non colaborar cos inspectores ou axentes da autoridade en relación co desenvolvemento das actividades de xogo ou o relacionado coa comprobación do sorteo ou evento en cuxa virtude se obteñan os premios.
- d) Non informar debidamente o público da prohibición de que participen os menores de idade e as persoas incluídas no Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo.
- e) Non informar o público sobre o contido do título habilitante do operador de xogo.

#### Artigo 42. *Sancións administrativas.*

1. As infraccións cualificadas como leves serán sancionadas pola Comisión Nacional do Xogo con:

- a) Apercibimento por escrito.
- b) Multa de ata cen mil euros.

2. As infraccións cualificadas como graves serán sancionadas pola Comisión Nacional do Xogo coas seguintes sancións:

- a) Multa de cen mil a un millón de euros.

b) Suspensión da actividade en España por un prazo máximo de seis meses.

3. As infraccións cualificadas como moi graves serán sancionadas polo titular do Ministerio de Economía e Facenda, por proposta da Comisión Nacional do Xogo, con multa dun millón a cincuenta millóns de euros. Ademais da multa, poderase impor a perda do título habilitante, a inhabilitación para a realización das actividades previstas no artigo 1 desta lei por un período máximo de catro anos ou a clausura dos medios polos cales se presten servizos da sociedade da información que soporten as actividades de xogo.

4. A Comisión Nacional do Xogo, naqueles supostos en que o infractor careza de título habilitante ou este lle fose revogado, poderá acordar adicionalmente o comiso e a destrución de calquera elemento relativo ao desenvolvemento da actividade.

5. A contía das sancións graduarase atendendo á natureza dos dereitos persoais afectados, ao volume das transaccións efectuadas, aos beneficios obtidos, ao grao de intencionalidade, á reincidencia, aos danos e perdas causados ás persoas interesadas e a terceiras persoas, e a calquera outra circunstancia que sexa relevante para determinar o grao de antixuridicidade e de culpabilidade presentes na concreta actuación infractora.

6. Se, en razón das circunstancias concorrentes, se apreciase unha cualificada diminución da culpabilidade do imputado ou da antixuridicidade do feito, o órgano sancionador establecerá a contía da sanción aplicando a escala relativa á clase de infraccións que preceda inmediatamente en gravidade a aquela en que se integra a considerada no caso de que se trate.

#### Artigo 43. *Prescripción.*

1. As infraccións moi graves prescribirán ao catro anos, as graves aos dous anos e as leves ao ano.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos catro anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

2. O prazo de prescripción das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese. Nos casos de infracción continuada, computarase desde o día en que se realizou a última infracción. O dito prazo interromperase pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e restablecerase o prazo de prescripción se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis de tres meses por causa non imputable ao presunto responsable.

3. O prazo de prescripción das sancións computarase desde o día seguinte a aquel en que resulte firme a resolución pola que se impón a sanción. Interromperase a prescripción das sancións pola iniciación do procedemento de execución, con coñecemento do interesado, e volverá transcorrer o dito prazo se aquel estiver paralizado durante máis de tres meses por causa non imputable ao infractor.

#### Artigo 44. *Procedemento sancionador.*

1. O procedemento iniciarase de oficio por acordo da Comisión Nacional do Xogo, por propia iniciativa, por acta motivada da Inspección, por petición razoada doutros órganos ou por denuncia.

2. O procedemento sancionador, que se resolverá no prazo de seis meses contados desde a data do acordo de inicio, axustarase ao previsto nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario, e serán de aplicación as disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora na Administración xeral do Estado.

#### Artigo 45. *Réxime de recursos.*

As resolucións que dite a Comisión Nacional do Xogo nos expedientes sancionadores porán fin á vía administrativa e poderán ser impugnadas potestativamente en reposición de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das

administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou impugnarse directamente, ante a xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na lei reguladora da dita xurisdición.

Artigo 46. *Medidas cautelares.*

1. Durante a substanciación do procedemento ou no propio acordo de inicio, a Comisión Nacional do Xogo poderá acordar algunha ou algunhas das seguintes medidas provisionais:

- a) Suspensión temporal da actividade obxecto do correspondente título habilitante.
- b) Comiso ou precinto, de ser o caso, se os houber, de calquera ben ou documentación relativa ao desenvolvemento da actividade obxecto do correspondente título habilitante.

2. Mediante acordo motivado a Comisión Nacional do Xogo poderá, antes da iniciación do procedemento sancionador, tomar algunha das medidas de carácter provisional sinaladas no punto anterior, de conformidade co previsto nos artigos 72.2 e 136 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e que resulten necesarias para asegurar a eficacia da resolución que se puiden ditar, o bo fin do procedemento ou as exixencias dos intereses xerais e, en xeral, as demais que puideren declararse noutras ordes.

3. Os funcionarios de inspección e control da Comisión Nacional do Xogo, no momento de levantar a acta correspondente, debidamente comisionados e autorizados, poderán adoptar as medidas cautelares a que se refire o punto anterior, así como proceder á precintaxe e depósito de calquera dos elementos, equipamentos, bens e documentación relativos á actividade obxecto desta lei. Esta medida cautelar deberá ser confirmada ou levantada polo órgano a quen lle compete a apertura do expediente sancionador, nos termos, prazos e efectos que se establecen na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 47. *Medidas en relación cos prestadores de servizos de intermediación.*

1. A Comisión Nacional do Xogo, no exercicio das competencias establecidas nesta lei, evitará o exercicio de actividades de xogo ilegal realizadas por operadores de xogo a través de prestadores de servizos da sociedade da información.

2. A Comisión Nacional do Xogo poderá adoptar medidas cautelares ou definitivas para que se interrompan as actividades de xogo ilegal realizadas por operadores de xogos mediante servizos da sociedade da información ou para retirar os contidos que constitúan actividades de xogo realizadas sen o título habilitante correspondente.

3. Se a execución dunha resolución pola cal se adopte a interrupción de actividades de xogo ilegal realizadas por operadores de xogos mediante servizos da sociedade da información ou a retirada de determinados contidos ou promoción de actividades relacionadas coa actividade do xogo ilegal exixise a colaboración dos prestadores de servizos de intermediación, a Comisión Nacional do Xogo poderá ordenar aos citados prestadores que suspendan o servizo de intermediación ou retiren os contidos, nos termos previstos nos artigos 8, 11 e concordantes da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

4. As medidas a que fai referencia este artigo serán obxectivas, proporcionadas e non discriminatorias, e adoptaranse de forma cautelar ou en execución das resolucións sancionadoras que correspondan.

## TÍTULO VII

### Réxime fiscal

Artigo 48. *Imposto sobre actividades de xogo.*

1. Feito imposable.

Constitúe o feito imposable a autorización, celebración ou organización dos xogos, rifas, concursos, apostas e actividades de ámbito estatal, reguladas no punto 1 do artigo 2, así como as combinacións aleatorias con fins publicitarios ou promocionais, así mesmo, de ámbito estatal, malia a exclusión do concepto de xogo, reguladas na letra c) do punto 2 do mesmo artigo, sen prexuízo dos réximes forais de concerto e convenio económico vixentes nos territorios históricos do País Vasco e de Navarra, respectivamente, e do disposto nos tratados ou convenios internacionais que pasasen a formar parte do ordenamento interno.

2. Supostos de non suxeición.

Non estarán suxeitos ao imposto os xogos de lotaría de ámbito estatal, con independencia do operador, público ou privado, que os organice ou celebre.

En todo caso, quedará suxeito ao imposto calquera outro xogo distinto da lotaría de ámbito estatal que sexa organizado ou celebrado polos operadores a que se refire o parágrafo anterior.

3. Devengo.

O devengo do imposto producirase coa autorización, celebración ou organización. Cando se trate de autorizacións, celebracións ou organizacións que se estendan a períodos temporais, o devengo producirase o primeiro día de cada ano natural, salvo o ano en que se obteña a autorización, no cal o devengo se producirá na data da súa autorización.

4. Suxeitos pasivos a título de contribuíntes.

Serán suxeitos pasivos a título de contribuíntes as persoas físicas, xurídicas ou as entidades recollidas no punto 4 do artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que operen, organicen ou desenvolvan as actividades gravadas por este imposto.

5. Responsables.

Serán responsables solidarios do pagamento do imposto, con carácter xeral, aqueles que ofrezan, por calquera medio, actividades de xogo a persoas con residencia fiscal en España, así como os que obteñan beneficios polo desenvolvemento do xogo, en ambos os casos con independencia do territorio desde o cal actúe o operador de xogo, sempre que non constataren que os operadores celebran ou organizan as ditas actividades de xogo cos necesarios títulos habilitantes. Tamén serán responsables solidarios, se non constatan a existencia dos mencionados títulos habilitantes, os donos ou empresarios de infraestruturas e os prestadores de servizos da sociedade da información cando deban razoablemente presumir que as ditas infraestruturas ou servizos se utilizan ou serven especificamente para a celebración de actividades de xogo reguladas nesta lei.

Para evitar incorrer na responsabilidade regulada neste punto, calquera persoa ou entidade poderá constatar, a través da páxina web da Comisión Nacional do Xogo, a información necesaria para saber se unha actividade conta cos títulos habilitantes necesarios para o seu desenvolvemento, de acordo co previsto no artigo 7 desta lei e demais normativa aplicable.

6. Base imposable.

A base imponible poderá estar constituída, segundo cada tipo de xogo:

a) Polos ingresos brutos, definidos como o importe total das cantidades que se dediquen á participación no xogo, así como calquera outro ingreso que se poida obter, directamente derivado da súa organización ou celebración.

b) Polos ingresos netos, definidos como o importe total das cantidades que se dediquen á participación no xogo, así como calquera outro ingreso que poidan obter, directamente derivado da súa organización ou celebración, deducidos os premios satisfeitos polo operador aos participantes. Cando se trate de apostas cruzadas ou de xogos en que os suxeitos pasivos non obteñan como ingresos propios os importes xogados, senón que, simplemente, efectúen o seu traslado aos xogadores que os gañaron, a base imponible será integrada polas comisións, así como por calquera cantidade por servizos relacionados coas actividades de xogo, calquera que sexa a súa denominación, pagada polos xogadores ao suxeito pasivo.

Nas combinacións aleatorias con fins publicitarios ou promocionais, a base imponible será o importe total do valor de mercado dos premios ofrecidos ou vantaxes concedidas aos participantes.

No caso de que o importe sexa satisfeito a través de instrumentos de tarificación adicional, considerarase que a cantidade dedicada á participación no xogo é o importe da tarificación adicional, excluído o imposto indirecto correspondente. Considerarase que a tarificación adicional é o importe da cantidade dedicada á participación no xogo, excluído o custo da chamada determinado de acordo co valor de mercado, cando resulte de aplicación o previsto no artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, sen que se consideren para estes efectos os impostos indirectos que recaian sobre as operacións.

## 7. Tipo de gravame.

Os tipos aplicables serán:

1.º Apostas deportivas mutuas: 22 por cento sobre a base imponible da letra a) do punto 6 deste artigo.

2.º Apostas deportivas de contrapartida: 25 por cento sobre a base imponible da letra b) do punto 6 deste artigo.

3.º Apostas deportivas cruzadas: 25 por cento sobre a base imponible da letra b) do punto 6 deste artigo.

4.º Apostas hípcas mutuas: 15 por cento sobre a base imponible da letra a) do punto 6 deste artigo.

5.º Apostas hípcas de contrapartida: 25 por cento sobre a base imponible da letra b) do punto 6 deste artigo.

6.º Outras apostas mutuas: 15 por cento sobre a base imponible da letra a) do punto 6 deste artigo.

7.º Outras apostas de contrapartida: 25 por cento sobre a base imponible da letra b) do punto 6 deste artigo.

8.º Outras apostas cruzadas: 25 por cento sobre a base imponible da letra b) do punto 6 deste artigo.

9.º Rifas: 20 por cento sobre a base imponible da letra a) do punto 6 deste artigo. As declaradas de utilidade pública ou benéfica tributarán ao 7 por cento da mesma base imponible.

10.º Concursos: 20 por cento sobre a base imponible da letra a) do punto 6 deste artigo.

11.º Outros xogos: 25 por cento sobre a base imponible da letra b) do punto 6 deste artigo.

12.º Combinacións aleatorias con fins publicitarios ou promocionais: 10 por cento sobre a base imponible determinada para elas no punto 6 deste artigo.

As comunidades autónomas, respecto das actividades que sexan exercidas por operadores, organizadores ou por quen desenvolva a actividade gravada por este imposto con residencia fiscal no seu territorio, poderán elevar os tipos do imposto, ata un máximo do 20 por cento dos tipos establecidos neste punto, incremento que se aplicará, exclusivamente, sobre a parte proporcional da base impositiva correspondente á participación no xogo dos residentes fiscais no territorio da comunidade autónoma que eleve os tipos.

## 8. Liquidación.

Nos supostos de autorización, celebración ou organización que alcancen períodos temporais, os obrigados tributarios deberán efectuar a declaración e autoliquidar o imposto. En particular, cando se trate de actividades anuais ou plurianuais, deberase efectuar a declaración e autoliquidar o imposto trimestralmente, no prazo do mes seguinte ao do final de cada trimestre.

Noutro caso, o imposto será obxecto de liquidación administrativa. No entanto, nos supostos de devengo coa celebración ou organización da actividade de que se trate, o obrigado tributario deberá pór en coñecemento da Administración a súa vontade de levala a efecto, para a práctica dunha liquidación provisional en función dos ingresos estimados susceptibles de obtención e que terá o carácter de á conta da liquidación definitiva que se practique, unha vez acreditado o importe definitivo dos ingresos obtidos no prazo de vinte días a partir da finalización da actividade. Esa obriga será igualmente exixible cando non sexa posible a liquidación definitiva nos supostos de autorización.

O titular do Ministerio de Economía e Facenda determinará, regulamentariamente, o lugar, forma, prazos e impresos para a autoliquidación e o pagamento da débeda tributaria, así como os supostos en que se deba realizar de forma telemática.

## 9. Xestión.

A xestión, recadación, liquidación e inspección do imposto corresponderá á Axencia Estatal de Administración Tributaria, sen prexuízo do disposto nos estatutos de autonomía das comunidades autónomas e nas leis en materia de cesión de tributos que, de ser o caso, se aproben.

## 10. Modificación na Lei de orzamentos.

A Lei de orzamentos poderá modificar a base impositiva e os tipos de gravame do imposto.

## 11. Distribución da recadación.

A recadación obtida polo gravame, correspondente aos ingresos polo xogo dos residentes en cada comunidade, das actividades que se efectuaron mediante sistemas de medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, regulados no artigo 3.h) desta lei, distribuirase ás comunidades autónomas, en proporción ás cantidades xogadas polos residentes de cada comunidade autónoma.

Corresponderá exclusivamente ao Estado o recadado polo gravame sobre as apostas mutuas deportivo-benéficas e as apostas mutuas hípcas estatais, mesmo se se efectúan mediante medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

A recadación obtida polas apostas deportivo-benéficas no suposto recollido no punto 7.1 deste artigo aféctase ás obrigas establecidas nas letras b), c) e d) do artigo 1 do Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, polo que se regula a distribución da recadación e premios das apostas deportivas do Estado, e aplícase ao orzamento de ingresos do Estado. Para estes efectos, terán a consideración de apostas mutuas deportivo-benéficas as apostas mutuas deportivas comercializadas pola entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado ata o momento da constitución efectiva da sociedade estatal do mesmo nome.

No orzamento de gastos do Estado e do Consello Superior de Deportes consignaranse os correspondentes créditos para atender o pagamento das obrigas a que se refire o parágrafo anterior e das obrigas a que se refire a disposición adicional sexta desta lei.

A atribución de ingresos a cada comunidade autónoma determinarase en función da residencia dos xogadores no seu ámbito territorial, e corresponderalle, en exclusiva, o incremento de recadación derivado da aplicación a tales residentes do previsto no último parágrafo do punto 7 deste artigo.

O importe da recadación porase trimestralmente á disposición das comunidades autónomas mediante operacións de tesouraría, cuxo procedemento se determinará regulamentariamente.

Artigo 49. *Taxa pola xestión administrativa do xogo.*

1. Fontes normativas.

A taxa pola xestión administrativa do xogo rexerese por esta lei e polas demais fontes normativas establecidas pola Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

2. Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible da taxa:

- a) A emisión de certificacións rexistras.
- b) A emisión de ditames técnicos de avaliación da conformidade de sistemas de xogo.
- c) As inscricións no Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo establecido nesta lei.
- d) A solicitude de licenzas e autorizacións.
- e) As actuacións inspectoras ou de comprobación técnica que veñan establecidas, con carácter obrigatorio, nesta lei ou noutras disposicións con rango legal.
- f) As actuacións regulatorias realizadas pola Comisión Nacional do Xogo sobre as actividades de xogo desenvolvidas polos operadores habilitados e suxeitas á supervisión desta entidade, destinadas a sufragar os gastos xerados pola citada comisión.

3. Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos da taxa:

No suposto da letra f) do punto anterior, os operadores, organizadores e quen celebre actividades de xogo, nos termos previstos nesta lei.

Nos restantes supostos do punto anterior, segundo os casos, a persoa que solicite a correspondente certificación rexistral, ditame técnico de avaliación, inscrición no rexistro e tramitación de licenzas ou autorizacións, así como quen sexa obxecto das actuacións inspectoras ou de comprobación técnica.

4. Devengo.

A taxa devengarase:

No suposto da letra f) do punto 2 deste artigo, en 31 de decembro de cada ano. No entanto, se por causa imputable ao suxeito pasivo este perdese a habilitación para actuar como operador en data anterior, a taxa devengarase no día en que tal circunstancia se produza.

Nos restantes supostos do punto 2 deste artigo, coa solicitude dos correspondentes servizos ou actividades e, no caso da letra e), coa comunicación das actuacións inspectoras ou de comprobación a que se refire.

5. Contías.

As contías da taxa serán, para cada suposto previsto nas distintas letras do punto 2 deste artigo, as seguintes:

- a) 20 euros.
- b) 38.000 euros.
- c) 2.500 euros.
- d) Por cada licenza 10.000 e por cada autorización 100 euros.
- e) 5.000 euros.
- f) 1 por mil dos ingresos brutos de explotación.

As contías fixadas nos casos das letras b) e e) terán carácter de mínimas.

Por norma regulamentaria poderanse especificar as contías exixibles en función do número de horas e persoal necesario para a prestación do servizo ou actividade.

En relación coa letra f) anterior, enténdese por ingresos brutos de explotación do operador o importe total das cantidades dedicadas á participación no xogo; no caso de apostas cruzadas, o importe do gañado polos xogadores que participen.

A Lei de orzamentos xerais do Estado poderá establecer, de ser o caso anualmente, a porcentaxe que se aplicará sobre os ingresos brutos de explotación que obteña o operador, tomando en consideración a relación entre os ingresos do cobramento da taxa e os gastos ocasionados polo funcionamento da Comisión Nacional do Xogo.

Tomarase como obxectivo conseguir o equilibrio entre os ingresos pola taxa e os gastos derivados da citada actividade realizada polo regulador.

No entanto, en caso de ser reducida a porcentaxe na Lei de orzamentos xerais do Estado ao límite do 0,75 por mil do ingreso bruto, o superávit entre ingresos obtidos e gastos, se o houber, será ingresado pola Comisión Nacional do Xogo no Tesouro público, nos prazos e nas condicións que se establezan regulamentariamente, tendo en conta as súas necesidades de financiamento.

#### 6. Modificación na Lei de orzamentos.

As contías establecidas no punto 5 poderán ser modificadas na Lei de orzamentos xerais do Estado para cada ano.

#### 7. Liquidación e pagamento.

A taxa liquidarase mediante o procedemento que se aprobe en norma regulamentaria ditada polo Ministerio de Economía e Facenda.

#### 8. Afectación.

O rendemento da taxa ingresarase nas contas bancarias habilitadas para o efecto pola Comisión Nacional do Xogo ou, de ser o caso, no Tesouro público, na forma que regulamentariamente se determine.

Disposición adicional primeira. *Reserva da actividade do xogo de lotarías.*

Un. A Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado e a Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE) son os operadores designados para a comercialización dos xogos de lotarías regulados nesta lei.

Dous. As autorizacións en virtude das cales a ONCE e a Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado desenvolven as actividades de xogo na modalidade de lotarías inscribíranse nunha sección especial do Rexistro Xeral de Licenzas de Xogo para efectos de mera publicidade.

Tres. Excepcionalmente, o titular do Ministerio de Economía e Facenda poderá autorizar a xestión e comercialización de xogos de lotaría, sempre que sexan desenvolvidos por entidades sen fins lucrativos con finalidade benéfica, teñan carácter esporádico e, para garantir a seguridade nos procesos e a colaboración co Estado, acrediten que cumpren cos requisitos que, de ser o caso, regulamentariamente se establezan.

Catro Os xogos xestionados pola Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado e a ONCE comercializaranse en billetes, boletos ou calquera outra forma de participación



cuxo soporte poida ser material, informático, telemático, telefónico ou interactivo, directamente ou a través de calquera establecemento da súa rede comercial externa.

Os xogos de lotarías xestionados polas entidades a que se refire o parágrafo anterior non estarán suxeitos ao cumprimento das obrigas a que se refire o título III desta lei.

Cinco. A apertura de establecementos accesibles ao público pola Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado e pola ONCE que se destinen á comercialización dos xogos que xestionan estas entidades ata a entrada en vigor desta lei e dos xogos suxeitos ao réxime de reserva, non requirirá autorización das comunidades autónomas.

Disposición adicional segunda. *Réxime xurídico específico aplicable á ONCE en materia de xogo.*

Un. O réxime xurídico da ONCE en materia de xogo vén determinado polas disposicións desta lei que especificamente resulten de aplicación na súa condición de operador designado para a realización de actividades de lotaría obxecto de reserva, coas especificidades que se conteñen nesta disposición.

Dous. A ONCE, pola singularidade da súa natureza de corporación de dereito público e de carácter social, e como operador de xogo de recoñecido prestixio suxeito a un estrito control público, seguirá rexéndose, respecto dos xogos e modalidades autorizados en cada momento e enmarcados na reserva de actividade do xogo de lotaría, pola disposición adicional vixésima da Lei 46/1985, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1986, desenvolvida polo Acordo xeral entre o Goberno da Nación e a ONCE, así como polo Real decreto 358/1991, do 15 de marzo, de reordenación da ONCE; polos seus vixentes estatutos; por esta disposición; polo Real decreto 1336/2005, do 11 de novembro, e demais normativa específica aplicable á dita organización ou que se poida aprobar para o efecto.

Os títulos polos cales se autoriza a ONCE para realizar actividades de xogo non poderán cederse a terceiros.

Tres. Co fin de preservar o estrito control público da actividade de xogo da ONCE, as competencias que esta lei lles atribúe á Comisión Nacional do Xogo e ao titular do Ministerio de Economía e Facenda en relación coas actividades suxeitas a reserva serán exercidas en relación coa ONCE polo Consello do Protectorado, coa excepción das competencias que correspondan ao Consello de Ministros.

Disposición adicional terceira. *Asignación financeira á ONCE e de determinadas apostas deportivas do Estado.*

Un. O Ministerio de Economía e Facenda asumirá as obrigas de aboamento das asignacións financeiras a favor da ONCE que puideren derivar da disposición adicional décimo oitava da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Dous. O Ministerio de Economía e Facenda asumirá as obrigas derivadas do Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, polo que se regula a distribución da recadación e premios das apostas deportivas do Estado. Por Orde do Ministerio de Economía e Facenda, logo de informe do Consello Superior de Deportes, estableceranse as entidades beneficiarias desas asignacións e as porcentaxes de asignación financeira.

Disposición adicional cuarta. *Participación das comunidades autónomas na aprobación de novas modalidades de xogo.*

A aprobación das ordes ministeriais que establezan novas modalidades de xogo, ou a modificación das existentes, require a deliberación e pronunciamento previo de órganos bilaterais autonómico-estatais, nos casos en que así o prevexan os respectivos estatutos de autonomía.

Disposición adicional quinta. *Cidades autónomas de Ceuta e Melilla.*

As referencias que nesta lei se fan ás comunidades autónomas incluírán, cando cumpra, as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, en relación coas competencias que en materia de xogo teñen atribuídas.

Disposición adicional sexta. *Réxime de participación na recadación das apostas deportivas.*

Mediante lei fixarase a porcentaxe ou o seu equivalente, aplicable á recadación obtida das apostas deportivas, para determinar a cantidade que será obxecto de retorno ao deporte e ás competicións deportivas organizadas en España, sen prexuízo do previsto no punto dous da disposición adicional terceira. A citada lei establecerá, así mesmo, o réxime de participación e distribución que corresponda polas obrigas de proporcionar os datos e resultados oficiais das competicións e de garantía da integridade no seu desenvolvemento.

Disposición transitoria primeira. *Exercicio de competencias administrativas antes do inicio de actividades da Comisión Nacional do Xogo.*

Ata a efectiva constitución da Comisión Nacional do Xogo, as competencias previstas para ela serán exercidas pola Dirección Xeral de Ordenación do Xogo do Ministerio de Economía e Facenda, incluíndo as relacionadas coa xestión e recadación das taxas a que se refire o artigo 49 desta lei.

O rendemento das taxas mencionadas no parágrafo anterior ingresarase no Tesouro público con aplicación ao orzamento de ingresos do Estado, e quedará afectado ao financiamento dos gastos da citada dirección xeral.

O Rexistro de Prohibidos, ata agora dependente do Ministerio do Interior de conformidade coa Orde ministerial do 9 de xaneiro de 1979, será xestionado pola Dirección Xeral de Ordenación do Xogo ata a súa integración no Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo e no Rexistro de Persoas Vinculadas a Operadores de Xogo.

Disposición transitoria segunda. *Títulos habilitantes da Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado.*

A Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado poderá seguir comercializando as modalidades e xogos que viña realizando ata a entrada en vigor desta lei, de acordo coa normativa, as habilitacións e o réxime de explotación de puntos de venda presencial que se lle viñan aplicando ata a entrada en vigor desta lei.

No prazo dun ano, a Comisión Nacional do Xogo transformará as habilitacións de que é titular a Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado en relación coas apostas deportivas e hípcas nunha licenza xeral de apostas, así como nas licenzas singulares necesarias para a súa explotación, nos mesmos termos e con idéntico alcance ca as habilitacións que rexían ata a data de entrada en vigor desta lei.

A Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado non poderá obter licenzas singulares distintas das referidas no parágrafo anterior ata que non se lles concedan a outros operadores licenzas xerais da modalidade de xogo correspondente.

Disposición transitoria terceira. *Normativa dos xogos.*

A regulación aplicable aos distintos xogos continuará en vigor ata que sexa modificada polos órganos competentes.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio para os puntos de venda e delegacións comerciais da Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado.*

Aos puntos de venda da rede comercial da Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado e ás súas delegacións comerciais que, en virtude da disposición adicional trixésimo cuarta da Lei 26/2009, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano

2010, non se acolleron ao réxime de dereito privado no prazo establecido no punto segundo da citada disposición, seralles de aplicación a correspondente normativa administrativa ata a súa extinción por concorreren os supostos previstos na citada disposición.

Disposición transitoria quinta. *Primeiro mandato dos conselleiros da Comisión Nacional do Xogo.*

Non obstante o disposto no artigo 26 desta lei, o primeiro mandato de tres dos integrantes do Consello da Comisión Nacional do Xogo durará tres anos.

Na primeira sesión do Consello da Comisión Nacional do Xogo determinarase por sorteo, ou de forma voluntaria, que tres conselleiros cesarán transcorrido o prazo de tres anos desde o seu nomeamento.

Disposición transitoria sexta. *Réxime transitorio da cesión do imposto.*

1. As disposicións desta norma que supoñan territorialización do rendemento e competencias normativas ou xestoras das comunidades autónomas neste imposto estatal só serán aplicables cando se produzan os acordos nos marcos institucionais de cooperación en materia de financiamento autonómico establecidos no noso ordenamento e as modificacións normativas necesarias para a súa configuración e aplicación plena como tributo cedido.

2. Mentres non se produzan as modificacións do sistema de financiamento sinaladas no punto anterior, o Estado fará chegar ás comunidades autónomas, logo dos acordos nos marcos institucionais competentes, o importe acordado coas comunidades autónomas, segundo o establecido no punto 11 do artigo 48 desta lei, sen que resulte de aplicación o disposto no artigo 21 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, relativo á revisión do fondo de suficiencia global.

O cumprimento do sinalado no parágrafo anterior instrumentarase polo mesmo procedemento que o indicado no punto 11 do artigo 48 desta lei.

Disposición transitoria sétima. *Validacións e homologacións das comunidades autónomas.*

As homologacións e certificacións validadas polos órganos competentes das comunidades autónomas para a concesión de títulos habilitantes de ámbito autonómico con anterioridade á entrada en vigor desta lei producirán efectos nos procedementos para o outorgamento de títulos habilitantes regulados nesta lei, nos termos recollidos nas convocatorias para o outorgamento de licenzas ou cando así o estableza a Comisión Nacional do Xogo.

Disposición transitoria oitava. *Réxime transitorio do réxime sancionador.*

O título VI, Réxime sancionador, desta lei entrará en vigor na data de publicación da resolución do primeiro procedemento para o outorgamento de licenzas a que se refire o artigo 10 desta lei ou o 1 de xaneiro de 2012 se a citada resolución non se publicou con anterioridade a esa data.

Disposición transitoria novena. *Réxime transitorio dos patrocinios deportivos sobre o xogo.*

Os patrocinios deportivos de operadores de xogos e contratos de publicidade e promoción do xogo que fosen acordados en firme con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2011 poderán seguir despregando os seus efectos nos termos contractuais pactados, ata a publicación da resolución do primeiro procedemento para o outorgamento de licenzas a que se refire o artigo 10 desta lei ou ata o 1 de xaneiro de 2012 se a citada resolución non se publicou con anterioridade a esa data.

Disposición derogatoria.

1. Quedan derogadas todas aquelas normas que se opoñan ao preceptuado nesta lei e cantas disposicións de igual ou inferior rango contradigan o establecido nela.

2. Derróganse expresamente:

1. Real decreto do 28 de febreiro de 1924 (Presidencia do Directorio Militar, Gaceta do 29 de febreiro).

2. Lei do 16 de xullo de 1949, que establece as normas para a celebración de rifas.

3. Decreto do 23 de marzo de 1956, que aproba a Instrución xeral de lotarías.

4. Orde do 22 de marzo de 1960, pola que se regula con carácter provisional o procedemento a que se deberá axustar a solicitude de autorización para celebrar rifas e tómbolas.

5. Decreto 54/1964, do 16 de xaneiro. Organiza o servizo de Lotaría Nacional.

6. Orde do 4 de novembro de 1965. Novas normas para o pagamento de premios da Lotaría Nacional.

7. O punto quinto 3 do artigo 3 do Real decreto lei 16/1977, do 25 de febreiro, polo que se regulan os aspectos penais, administrativos e fiscais dos xogos de sorte, envite ou azar e apostas.

8. Disposicións adicionais décimo oitava e décimo novena da Lei 46/1985, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1986, con efectos desde a data de entrada en vigor do título VI desta lei.

9. Real decreto 1082/1985, do 11 de xuño, polo que se establece a clasificación, provisión, funcionamento, traslado e supresión das administracións de lotarías.

10. Real decreto 2695/1986, do 19 de decembro, polo que se establece a composición do Consello Reitor de Apostas Deportivas do organismo nacional de Lotarías e Apostas do Estado.

11. Lei 34/1987, potestade sancionadora da Administración pública en materia de xogos de sorte, envite ou azar. No entanto, as cidades autónomas de Ceuta e Melilla aplicarán esta lei ata a aprobación, dentro do seu ámbito competencial, da normativa correspondente a esta materia.

12. Real decreto 1511/1992, do 11 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos administrativos e económicos do organismo nacional de Lotarías e Apostas do Estado.

13. O Real decreto 2069/1999, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado.

14. Disposición adicional vixésima da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

15. Artigo 88 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que establece o réxime sancionador dos titulares dos puntos de venda da rede comercial de Lotarías e Apostas do Estado.

16. Orde HAC/430/2004, do 19 de febreiro, sobre creación de sucursais da rede básica de Lotarías e Apostas do Estado.

17. Real decreto 176/2005, do 18 de febreiro, polo que se regula o Padroado para a Provisión de Administracións de Lotaría Nacional.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase no exercicio das competencias exclusivas do Estado previstas nas regras 6.<sup>a</sup>, 11.<sup>a</sup>, 13.<sup>a</sup>, 14.<sup>a</sup> e 21.<sup>a</sup> do punto 1 do artigo 149 da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

O Goberno da Nación aprobará o Estatuto da Comisión Nacional do Xogo no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei.

Autorízase o Goberno da Nación para adoptar, por proposta do titular do Ministerio de Economía e Facenda, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, cantas

disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e implementación do previsto nela.

Disposición derradeira terceira. *Extinción de determinados organismos públicos.*

Quedan extinguidos os seguintes organismos: o Padroado para a Provisión de Administracións de Lotaría Nacional, o Consello Reitor de Apostas Deportivas, ambos adscritos ao Ministerio de Economía e Facenda, e a Comisión Nacional do Xogo, actualmente adscrita ao Ministerio do Interior.

Disposición derradeira cuarta. *Actualización do importe das sancións.*

A actualización dos importes relativos ás multas previstas no artigo 42 desta lei poderase levar a cabo mediante real decreto, por proposta do Ministerio de Economía e Facenda.

Disposición derradeira quinta. *Modificación das taxas sobre o xogo.*

1. O punto 1.º do artigo 3 do Real decreto lei 16/1977, do 25 de febreiro, polo que se regulan os aspectos penais, administrativos e fiscais dos xogos de sorte, envite ou azar, quedará redactado da seguinte forma:

«1.º Constitúe o feito impoñible a autorización, celebración ou organización de xogos de sorte, envite ou azar, salvo que estivesen suxeitas ao imposto sobre as actividades de xogo, establecido na Lei 11/2011, de regulación do xogo.»

2. O artigo 36 do Decreto 3059/1966, do 1 de decembro, polo que se aproba o texto refundido de taxas fiscais, quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 36. *Feito impoñible.*

Exixiranse estas taxas pola autorización, celebración ou organización de rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias, salvo que estivesen suxeitas ao imposto sobre as actividades de xogo, establecido na Lei 11/2011, de regulación do xogo.

Asúa exacción corresponderá ao Estado cando o ámbito territorial de participación sexa estatal.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.*

Modifícase o punto 1 da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, o cal quedará redactado nos seguintes termos:

«1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Consello de Seguridade Nuclear, o ente público RTVE, as universidades non transferidas, a Axencia de Protección de Datos, o Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX), o Consorcio da Zona Especial Canaria, a Comisión Nacional de Enerxía, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, a Comisión Nacional da Competencia, a Comisión Nacional do Sector Postal, o Consello Estatal de Medios Audiovisuais e a Comisión Nacional do Xogo rexeranse pola súa lexislación específica e supletoriamente por esta lei.

O Goberno e a Administración Xeral do Estado exercerán respecto de tales organismos as facultades que a normativa de cada un deles lles asigne, de ser o caso, con estrito respecto aos seus correspondentes ámbitos de autonomía.»

Disposición derradeira sétima. *Exencións no imposto sobre o valor engadido e imposto xeral indirecto canario.*

1. Modifícase o artigo 20. Un. 19.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que quedará redactado da seguinte forma:

«19.º As lotarías, apostas e xogos organizados pola Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado e a Organización Nacional de Cegos e polos organismos correspondentes das comunidades autónomas, así como as actividades que constitúan os feitos impositivos dos tributos sobre o xogo e combinacións aleatorias.

A exención non se estende aos servizos de xestión e demais operacións de carácter accesorio ou complementario das incluídas no parágrafo anterior que non constitúan o feito impositivo dos tributos sobre o xogo, con excepción dos servizos de xestión do bingo.»

2. Modifícase o artigo 10.º 1. 19) da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, que quedará redactado da seguinte forma:

«19) As lotarías, apostas e xogos organizados pola Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado e a Organización Nacional de Cegos e, de ser o caso, polos órganos correspondentes da Comunidade Autónoma de Canarias, así como as actividades que constitúan os feitos impositivos dos tributos sobre o xogo e combinacións aleatorias.

A exención non se estende aos servizos de xestión e demais operacións de carácter accesorio ou complementario das incluídas no parágrafo anterior que non constitúan o feito impositivo dos tributos sobre o xogo, con excepción dos servizos de xestión do bingo.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.*

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 8 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Para os efectos do previsto neste capítulo, teñen a consideración de organismo regulador as actuais Comisión Nacional de Enerxía, Comisión do Mercado das Telecomunicacións, Comisión Nacional do Sector Postal e Comisión Nacional do Xogo.»

Dous. Modifícase o punto 3 do artigo 9 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Para os efectos do previsto nesta lei, a Comisión Nacional de Enerxía e a Comisión do Mercado das Telecomunicacións relacionaranse co titular do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio; a Comisión Nacional do Sector Postal relacionarase co titular do Ministerio de Fomento; e a Comisión Nacional do Xogo relacionarase co titular do Ministerio de Economía e Facenda.»

Disposición derradeira novena. *Mantemento do réxime fiscal aplicable no imposto sobre a renda das persoas físicas aos premios xa exentos no dito imposto no momento da entrada en vigor desta lei.*

Engádesse unha disposición adicional trixésimo terceira á Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional trixésimo terceira. *Mantemento do réxime fiscal aplicable con anterioridade á aprobación da Lei de regulación do xogo.*

En relación cos premios obtidos en xogos distintos das lotarías, a exención prevista no artigo 7 ñ) desta lei só resultará de aplicación respecto dos xogos que xa viñan comercializando as entidades previstas no dito artigo e na disposición derradeira terceira do Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, no momento da entrada en vigor da Lei 11/2011, de regulación do xogo, e estaban exentos conforme a regulación deste imposto vixente no dito momento.»

Disposición derradeira décima. *Réxime aplicable aos sistemas de concerto e convenio.*

1. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Autónoma do País Vasco do disposto nesta lei entenderase sen prexuízo do disposto na Lei do concerto económico.

2. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Foral de Navarra do disposto nesta lei levarase a cabo segundo o establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, conforme o disposto no convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra.

Disposición derradeira décimo primeira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de maio de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO